

XORNADAS



SÁBADO 30 DE ABRIL DE 2011
SALÓN DE ACTOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

máis información en: www.adega.info

Organiza:



Patrocina:



Colaboran:



PROGRAMA

Inauguración das Xornadas

A cargo do Secretario Xeral de ADEGA, Froilán Pallín
e o Vicepresidente da Deputación de Lugo, Antón Bao.

Mesa Redonda: "A Tradición Oral e o Territorio"

- Ponte nas Ondas. Xerardo Feijoo Rapela. 2
- Mitoloxía popular de tradición oral. Antonio Reigosa. 2
- Proxecto Montaña Máxica (Monte do Seixo) e Proxecto dos Sete Camiños. 4

Grupo de Estudos Etnográficos Serpe Bichoca: Rafael Quintía e João Bieites.

Moderador: Branca Villares.

CONCLUSIÓNS 8

Conferencia Carlos Taibo sobre a "Teoría do decrecemento" 9

Mesa Redonda: "Cultura e Territorio"

- Proxecto Terra. Xosé Manoel Rosales Proxecto Terra. 17
- "Paisaxe e nación. A creación discursiva do territorio". María López Sánchez. 19
- As vías históricas. Ricardo Polín. 21

Moderador: Carlota Eirós.

CONCLUSIÓNS 27

Mesa Redonda: "Arquitectura e Territorio"

- Manuel Gallego Jorroto. 28
- Pascuala Campos Michelena. 29
- A Cidade dos Barrios. Luciano G. Alfaya. 31

Moderador: Alberte González Rodríguez.

CONCLUSIÓNS 34

CONCLUSIÓNS XORNADAS 35



Lugo, 30 de abril de 2011

MESA REDONDA: "A TRADICIÓN ORAL E O TERRITORIO"

- ✓ MODERA: Branca Villares (mestra de música tradicional).

"Coñecer para valorar e valorar para cooidar". Os que temos traballado no eido do ecoloxismo sabemos que este é un principio básico na Educación Ambiental. Coñecer a diversidade natural e as súas interaccións, a ecoloxía, para entender a súa importancia, coñecer o noso para saber situarnos no mundo. Hoxe vimos falar de territorio e patrimonio cultural. Ata hai pouco, o patrimonio cultural era un concepto monopolizado por unha idea de bens monumentais ou artísticos, accesíbeis mediante intermediarios autorizados. O xiro interesante que deu este concepto co adxectivo "inmaterial" establece que cada quen participa na construción deste legado e que os seus creadores e intérpretes medran co intercambio e a transmisión. Así, por unha banda o patrimonio inmaterial remite ás características especificamente inmateriais do patrimonio, mentres que o patrimonio cultural material remite ao concreto:

conxunto de elementos, prácticas, procesos e representacións aos que se aplica o patrimonio inmaterial. O patrimonio cultural inmaterial transmítese de xeración en xeración, sendo recreado constantemente polos grupos e en función do medio no que se desenvolve, a súa interacción coa natureza e a súa historia; infundíndolles un sentimento de identidade, contribuíndo deste xeito a promover o respecto á diversidade cultural e a creatividade humana. A división do patrimonio cultural inmaterial pola Unesco: "as tradicións e expresións orais, incluíndo o idioma como vehículo de transmisión, as artes do espectáculo, os usos sociais, rituais e actos festivos, os coñecementos e usos relacionados coa natureza e o universo e as técnicas tradicionais artesanais. E todos estes elementos teñen como seu eixo común a súa oralidade como case único elemento de transmisión.

- **PONTE NAS ONDAS.** Experiencia educativa entre escolas de Galiza e o norte de Portugal. Poñente: Xerardo Feijoo Rapela (secretario de Ponte nas Ondas).



A asociación cultural está formada no ano 1995, integrada por profesores galegos e portugueses. Naceu nese ano en que se construíu unha ponte física que unía Salvaterra con Monçao, que é a vila veciña. Antes tiñamos que utilizar unha barca e o da ponte foi definitivo. O grupo de docentes decidimos facer unha actividade na que movemos a máis de mil alumnos. O éxito desta actividade levounos a continuar con esta experiencia. O ano pasado cumpríronse 15 anos da nosa historia e fixemos un vídeo para conmemoralo. Seguimos a traballar no eido do patrimonio e este ano estamos lanzando a proposta de "Biblioteca de Libros Vivos". É unha actividade patrocinada pola asociación Xandobela en Galiza. Buscamos que as escolas recuperen as persoas que viven nas aldeas, vilas e cidades que atesouran coñecementos do noso patrimonio cultural inmaterial.

- **ANTONIO REIGOSA.** Escritor e investigador da mitoloxía popular de tradición oral. Autor de Dicionario de Seres Míticos Galegos e creador da páxina web Galicia Encantada.

O que ofrezco é unha reflexión sobre a tradición oral e o territorio que dá título á mesa. O tema é amplísimo pero apetéce-me deixar claras certas ideas que aínda non se clarificaron no común da xente: que é a tradición oral, que aporta e que relación ou valor pode engadir o territorio á tradición oral?

Que é?

A tradición é o que sobrevive do pasado, pero non é só un vestixio do pasado no presente, un xacemento arqueolóxico, senón que é algo dinámico, vivo, é un continuo cultural. Se ben é certo que dá pena que desapareza a biblioteca (os vellos) que son as enciclopedias, tamén é verdade que non se acabou o mundo, porque esa tradición continúa porque se actualiza. A tradición oral é unha fonte documental valiosísima sobre o que lle pode ocorrer ao territorio (o chan, o relevo, a morfoloxía, a flora, a fauna, os sistemas de propiedade, as normas dos usos, a toponimia, e a xente).

Pero a tradición é subxectiva.

Que aporta?

A oralidade é o seu sistema ou soporte primordial de comunicación. O que non se comunica morre. É un sistema de comunicación cunha contextualización cultural que se vale de códigos (o fundamental é a lingua) para transmitir coñecementos, técnicas, ritos, crenzas, literatura, en definitiva, saber e cultura.

Un grupo aborixe australiano explica a súa falta de coñecementos na actualidade porque tiveron unha "xeración muda". Eles din que saben pouco porque houbo polo medio unha xeración muda. Non deixa de ser un recoñecemento a unha automarxinalidade.

A oralidade tamén é un recurso moi útil para a supervivencia de grupos minoritarios ou marxinais. Os xitanos sen a súa tradición oral como recurso de comunicación básico non existirían. Todos os seus recursos están fundamentados no que lles aporta a tradición oral. É un

recurso para os marxinais, para os que se comunican só ou preferentemente a través de linguas minorizadas; tamén para os ágrafos, os que non poden acceder ás novas tecnoloxías, para o intercambio de experiencias, coñecementos e para a reafirmación da identidade fronte a outros grupos colonizantes.

Os grupos que utilizan a oralidade como principal medio de comunicación xeraron mecanismos internos de comunicación que son á vez de autodefensa para resolver as necesidades básicas no proceso de socialización como por exemplo, o de recuperar a propia historia como valor trascendente, o da revalorización das formas de actuar e actuar en consecuencia. Pero precisan apropiarse de saberes doutros colectivos para xerar novos saberes. Inherente á comunicación oral está a xestual. Pero a transmisión de cultura e coñecementos por vía oral tamén está condicionada por outros factores: o saber acumúlase a base de experiencias, e tamén existe unha obsesión pola reafirmación da identidade propia para garantir a supervivencia o que forza a mitificación dos devanceiros e o rexeitamento ao alleo, e sen memoria non hai transmisión da tradición por vía oral.

Como inflúe a tradición oral na construción, na conservación ou destrución do territorio?

O territorio é espazo funcional, instrumental, sobre o que se actúa, pero tamén é un espazo simbólico (sobre todo para as culturas tradicionais). O territorio é a consecuencia da posta en valor dun espazo do que nos apropiamos e construímos nun instrumento de poder. Pero o territorio pode ser real ou imaxinario (moitas veces non vemos outro que o imaxinario). Pero o territorio pode ser afectivo (o lugar no que sentimos, nacemos, ao que pertencemos...); pero tamén pode ser especulativo. Tampouco é o mesmo o territorio urbano que o rural, como aquel concibido por sociedades

tradicionais ou non. En todo caso, os territorios están interrelacionados, hai moitos territorios nun só e ese está noutros moitos territorios.



Hai moitas formas de intervención do territorio:

-A apropiación do territorio. Non é o mesmo poñerlle fronteiras, marcos, deslindar un espazo doutros, as formas de acceso á propiedade privada. Hoxe en día non teñen ningunha función práctica as pedras de termo, pero si teñen función simbólica (ex: Marco do Vento do Monte do Seixo ou o Marco do Salto no concello de Cabanas, con forma fálica). Falar das pedras de termo teñen outra función simbólica.

-Socialización do territorio: os espazos públicos, os privados, dereitos de paso, de herdanza... Pero tamén están os espazos simbólicos (santuario). Nestes conflitos o que se debate é a propiedade simbólica dese espazo. Por non falar dos carreiros brancos polos que van os encantos, dos camiños por onde pasa a Santa Compañía.

-As formas de nomear o territorio: a toponimia (cultivo, forma de terreo, plantación...); pero noutros casos o topónimo é o Paraíso, a Pena das Ánimas... Por que próximas ao mar hai tantas Penas das Ánimas? (fronteira de paso ao outro mundo).

-Formas de percepción do territorio. Por exemplo, a percepción do ceo ou atmosférica para facer predicións do

tempo nunha sociedade agrícola e gandeira que se especializa.

Esas capacidades, para memorizala, resólvense en refráns ou en ditos que fai que esa tradición oral perdure no tempo. Hai unha referencia ao entorno xeográfico que vai axudar a entender o noso entorno inmediato.

O territorio tamén pode ser idealizado, a través da literatura. Tamén é un espazo imaxinario. Para os romanos era unha ilusión buscar as "Casitérides", era un ouro imaxinario así como a Atlántida, o Gran Paititi, etc., lugares que non existen pero que aínda hoxe buscamos.

En Lugo todo o mundo acepta que San Froilán foi un personaxe real, eu poñeríao en dúbida, ao mesmo que a existencia do Odoario. Tamén pode haber xente que cre que Roldán pode ser un personaxe real... A lenda do Pozo do Olo explica que comunica o mar subterráneo co mar real, etc.

Conclúo que todo no territorio fala, absolutamente todo, aínda que moitas veces nin entendemos o que fala a xente, pero debemos intentalo. Que a tradición é unha verdade subxectiva pero é unha subxectividade colectiva (o que aporta a tradición non deixa de ser un consenso colectivo que a converte nunha verdade, alén da inexistencia de documentos obxectivos). O territorio é a suma do espazo sobre o que actuamos, máis a cultura e a memoria (que é o que aporta a tradición oral).



- **SERPE BICHOCA.** Proxecto Montaña Máxica (Monte Seixo) e Proxecto dos Sete Camiños.

Exemplos de espazos degradados e proxectos de recuperación e posta en valor dos mesmos. Grupo de Estudos Etnográficos Serpe Bichoca: Rafael Quintía; Antropólogo e economista e autor de "Deuses, mitos, ritos do Monte do Seixo".

João Vieites; Licenciado en Belas Artes e mestre de Artes plásticas e director do documental "Monte de Seixo, montaña máxica".

RAFAEL QUINTÍA

Cando falamos de cultura e territorio facemos unha dicotomía. Estamos a falar do mesmo. Non se pode entender o un sen o outro. O territorio constrúese física, simbolicamente e a través das interpretacións dos pobos que habitan nel e inflúe na concepción da realidade e da vida das sociedades.

Cando falamos da cultura inmaterial hai certa tendencia a consideralo como algo menor: o que non se pode comprar ou cuantificar economicamente, parece que non ten valor. É difícil percibir o valor do patrimonio oral por riba do material. A literatura oral é a expresión do noso discurso simbólico compartido que se plasma nos ritos, nas lendas, nos mitos, nas linguas, etc.

Antonio dicía que os aboríxenes tiveron o problema dunha xeración muda, nós temos ese problema triplicado, porque temos máis dunha xeración muda, xorda e cega. E sobre todo, grande parte desta xeración progresou na vida política. Temos un grave problema.

Os que traballamos no patrimonio inmaterial atopamos dous problemas. A protección da cultura inmaterial ten que ir ligada ao territorio. Os dous proxectos que desenvolvemos vai nese senso.

MONTE DO SEIXO

A idea é dar a coñecer a importancia deste espazo, que a raíz da construción dun parque eólico evidenciouse un descoñecemento absoluto por parte das administracións, non só do patrimonio arqueolóxico catalogado, senón de todo o patrimonio inmaterial. Se chegas a un monte e só ves pedras, son pedras, pero se sabes que cada unha está asociada a un rito, unha lenda, etc.... é distinto. Se non se sabe que é un territorio simbólico e mítico, non se aprecia. Un pastor que está dez horas na montaña ten moito tempo para pensar. No fondo as lendas dinos como somos. Aínda que nós como urbanitas creamos que son só contos de vellos e non lle damos valor a isto, tamén hai que facer fincapé no autocomplexo e autoxenreira que inflúe na transmisión da oralidade.

O problema é que se perdeu a cadea de transmisión oral. Os vellos non o contan ou non lle dan valor e a xente nova non se interesa e chámalle supersticións. Logo na nosa vida real nós seguimos tendo determinadas falsas crenzas e supersticións.

A montaña máxica é exemplo dun espazo, Monte Seixo, dedicado ao gando no seu momento no que hai unha grande riqueza inmaterial. A sorte foi pode falar coa xente que vivía alí que tiña esa riqueza conservada.

Á hora de facer unha intervención sobre o territorio normalmente está tipificado cun EIA e un estudo arqueolóxico (o monte Seixo é Rede Natura e iso non serve para nada), pero non se fai un estudo sobre a inmaterialidade ou a literatura oral. Cando se destrúe unha rocha na que habita unha moura, estase cargando o lugar físico na que se plasma esa lenda e isto ten tanta importancia como un petróglifo.

En Monte do Seixo, denunciámos primeiro a desfeita, chamamos a atención sobre o feito, e logo investigamos e puxemos en valor o patrimonio para crear

unha masa crítica que coñeza o que se está facendo alí. Hai lugares da nosa xeografía que son intocables.

A nosa liña de traballo foi investigación, denuncia e posta en valor (con charlas, libros, documentais, roteiros...).

Este proxecto rematámolo porque ao final este tipo de traballos tamén teñen un custo emocional e familiar moi alto e decidímolos pechar con un libro de interpretación do lugar. Xa hai un libro de denuncia e outro que é unha guía de roteiros. Tamén tivemos a valentía de facer un documental de 2 horas.

SETE CAMIÑOS

Agora estamos enmarcados no proxecto de "Sete Camiños" na comarca do Morrazo. É un proxecto colectivo entre parroquias do concello de Pontevedra, Vilaboa e Marín. Neste lugar hai unha riqueza arqueolóxica importante, abandonada, está o maior número de estación de petróglifos de Pontevedra e tamén hai riqueza inmaterial. O monte simplemente está dedicado á plantación de eucaliptos, e a xente, ao non convivir no espazo, vai perdendo toda a riqueza inmaterial. Esta idea é a de poñer en conxunto a posta en valor da riqueza natural co patrimonio arqueolóxico e a mitoloxía.

É importante intentar involucrar a sociedade e, especialmente, ás comunidades de montes, porque son posuidoras de grande parte do territorio forestal do país. Ten que haber unha concienciación de posta en valor destes lugares.

JOÃO BIEITES

A nosa montaña máxica é o Monte do Seixo que está en Terra de Montes na provincia de Pontevedra no límite coa provincia de Ourense e abrangue: Cotobade, A Lama, Cerdedo, e Forcarei,.... e algo de Veariz. Esta montaña ten unha

riqueza mitolóxica e lendaria increíble, unha densidade de lendas das máis grandes de Galiza. Todas estas lendas foron recollidas por Carlos Soia a comezos do 2000. Asíanse a cada lugar, a cada pedra practicamente, unha lenda.

Temos estipuladas 30 estacións míticas nun monte de 24 km². A raíz de todo este material fíxose un traballo de investigación, e a raíz do traballo de Carlos Soia, formámonos como Serpe Bichoca e decidimos poñer en valor todo este material (3 libros e o documental). Fíxose un roteiro en 2006 en colaboración coa asociación ecolóxica e cultural de Terra de Montes Verbo Xido. Subiron ao monte máis de un milleiro de persoas desde aquela. No ano 2000 montouse o parque eólico cunha declaración de impacto ridículas (de impacto arqueolóxico e ambiental).

No monte hai 3 mámoas que foron parcialmente destruídas e no informe de impacto arqueolóxico o comentario é "afección moderada". Unha converteuse nunha mámoa-rotonda; outra foi destruída pola instalación da subestación do parque eólico. O monte Seixo foi declarado no ano 98 Rede Natura pero non serviu para nada, porque obvian todo tipo de proteccións oficiais.

Podemos comentar varias estacións como a de Portalén: unha formación rochosa que semella natural, ten unha pequena pedra sobre outra que crea unha porta. O nome de portalén significa a porta ao outro mundo. Nesa porta, os veciños da contorna subían a ela na época de santos, pasábana (de norte a sur) e do outro lado ofrecían unha candeia, viño ou pan para falar cos defuntos. O vento que pasaba entre os penedos traíalles a voz dos seus antepasados, unha vez escoitada esa voz, a xente debería pasar ao mundo dos vivos (de sur ao norte) e todo o revelado polo defunto non debe de ser contado a outras persoas, porque senón a súa voz ficaría rota.

Son polo menos 30 lendas asociadas cara unha a un espazo concreto. Ese espazo non tería sentido se nós non coñecemos esas lendas ou a súa historia. Nin sequera nos facemos un mapa físico da zona se non temos localizadas todas esas lendas.

Este foi o noso traballo durante 5 anos que culminamos coa presentación do libro de Rafael "Deuses, mitos e ritos do Monte do Seixo".

INTERVENCIÓN DO PÚBLICO

XERARDO FEIJOO: Os tesouros vivos é un concepto da Unesco que retrata a idea "cando morre un vello morre unha biblioteca". É traballar na recuperación da memoria inmaterial dos nosos antepasados para que non haxa estas xeracións mudas, nin xordas, nin cegas. Tratamos de facer nós esta ponte porque nas nosas mans están os nosos alumnos e é un intento desesperado de facer esta ponte de transmisión do patrimonio inmaterial procedente do saber de xente vella e non tan vella. Tratamos de que chegue aos nosos alumnos a valorización do que teñen nas súas

casas. Tamén a xente maior se autodesprecia polo seu saber.

Isto que semella doado, non o é tanto. Temos que intentar que estes contidos lles chegue aos nosos alumnos por vías nas que eles se sintan cómodos, facendo uso dos medios de comunicación que lle son familiares; polo que tras esa gravación deben facer un programa de radio, un vídeo, videoconferencia, etc. É a forma de que os contidos lles cheguen. Para editar un vídeo ven a gravación varias veces. Se non é así témolo complicado.

A participación social, como se consegue? Ás escolas chegan centos de convocatorias de concursos, e a isto súmase que o compromiso e motivación do profesorado vai decaendo, é complexo. Como temos unha historia de 15 anos xa temos unha rede bastante estruturada (en Galiza e Portugal e tamén en Sudamérica). Pero é certo que cada vez custa máis achegarnos a centros novos.

Cada xeración crea as súas propias lendas (ex: esta xeración fala da moza da curva), o que non quere dicir que haxa que abandonar as anteriores.

RAFAEL QUINTÍA: Normalmente, cando a xente descubre a súa riqueza como pobo é moi receptiva. Primeiro hai certa sorpresa, logo carraxe ao ver como están as cousas, pero logo a xente sensibilizada é unha parte minoritaria da sociedade. Somos poucos, pero movémonos moito. Pouco a pouco vai medrando. É un signo relevante o que aconteceu hai un mes na Serra do Galiñeiro (por mor da instalación dun parque eólico). Alí xuntáronse máis de 2.000 persoas nun día de chuvia.

A transmisión oral é difícil, non é sentarse cunha gravadora e un cuestionario. Require un traballo, un esforzo, unha confianza e un respecto. Aínda que sexan da túa máxima confianza cústalles caro falar.

O patrimonio inmaterial ten un significado, non racional, pero si simbólico que aporta á xente un sentido. Non se trata de crer, senón de entender, e o que hai é que buscar o significado.

O patrimonio inmaterial non está só no rural, tamén nos medios urbanos, tamén aí nos fai falla entender a realidade e interpretala. Reproducimos constantemente esquemas que pertencen á tradición oral.

Calquera proxecto que se poña en marcha de posta en valor do patrimonio natural ou cultural debe ser sempre un proxecto

multidisciplinar ou poliédrico. Todo isto non só é unha riqueza espiritual, ten moitas posibilidades como fonte de ingresos, porque lle interesa á xente.

ANTONIO REIGOSA: O peor que se pode facer para recoller tradición oral é utilizar o modelo de entrevista. Hai que dialogar e mesmo aplicar o léxico da xente a quen se lle pregunta.

Na protección do patrimonio as administracións erran ao delegar a súa responsabilidade de protección. Por outra banda, o patrimonio inmaterial non se pode tratar como o patrimonio material. A xestión e protección do patrimonio inmaterial precisa de xestores públicos cunha sensibilidade moi especial.

O patrimonio inmaterial "púxose de moda" hai pouco tempo, impulsado pola Unesco. Mentres os que teñan a responsabilidade de protexer o patrimonio inmaterial non entenden o que significa ese patrimonio, non vai haber políticas favorecedoras e conservadoras destes bens. Aínda que hai cousas que a simple vista, como elemento paisaxístico chaman á protección. Mesmo desde un punto de vista económico, pode ser rendible turisticamente. Eu creo que non só non o entenden, senón que o desprezan. É un autonoxo trasladado ao goberno. O gran drama é ese: conseguir sensibilizar sobre todo á xente, porque ela vai ser a que pare certas desfeitas.

E repito, a tradición oral reinvéntase, actualízase para ser útil. Todos estes relatos funcionan na medida da crenza de quen os conta e os escoita, pero se esa credibilidade perde efecto desaparece. A lenda urbana é a reprodución temática dos mecanismos tradicionais, pero actualizados (collendo elementos actuais: coche, estrada, discoteca, etc.). Por iso ten tanto éxito.

TRADICIÓN ORAL E TERRITORIO

1. A tradición segue viva porque se actualiza.
2. A tradición non é obxectiva, pero é unha subxectividade que se converte en verdade polo consenso colectivo.
3. A tradición é unha fonte documental valiosísima sobre o noso territorio.
4. A oralidade é o principal soporte de comunicación da tradición.
5. A oralidade é un recurso moi útil de autodefensa para os grupos marxinais, as linguas minorizadas e a reafirmación da identidade fronte a grupos colonizadores.
6. Convén non esquecer que o territorio non é só funcional, tamén é simbólico, sobre todo nas sociedades tradicionais. O territorio pode ser real e imaxinario. Pode ser afectivo e especulativo. Pode ser rural ou urbano.
7. Na intervención territorial, hai que considerar tamén as formas de intervención establecidas pola tradición oral: a apropiación do territorio (ex: marcos con funcións simbólicas); a socialización do territorio (ex: santuarios); os nomes do territorio (ex: topónimos simbólicos); a percepción do territorio (ex: refráns ou mitos sobre a climatoloxía); o territorio como espazo imaxinario (ex: "Casitérides" dos romanos).
8. Debemos intentar entender o que nos di o territorio, porque todo o territorio fala.
9. O territorio é a suma do espazo, a cultura e a memoria que aporta a tradición oral.
10. O territorio constrúese física e simbolicamente; sen embargo a cultura inmaterial é considerada como algo menor polas administracións.
11. A protección da cultura inmaterial ten que ir ligada ao territorio e ten que ser tan ou máis importante que a protección do patrimonio material.
12. En calquera intervención no territorio, alén do estudo de impacto ambiental e arqueolóxico, deberíase contemplar o estudo do patrimonio inmaterial que podería verse afectado.
13. Na protección do patrimonio as administracións non poden delegar as súas responsabilidades. A xestión do patrimonio inmaterial, nomeadamente, precisa de xestores públicos cunha especial sensibilidade.
14. A liña de traballo na denuncia da afectación do patrimonio inmaterial é a investigación, a denuncia e a posta en valor destes bens.
15. O patrimonio inmaterial pode constituírse tamén unha fonte de recursos económicos.
16. O problema é que se perdeu a cadea de transmisión oral da tradición: os vellos non o contan por autodesprezo e os novos non se interesan ou as desprezan.
17. A sociedade en xeral, e as comunidades de montes, en particular, teñen que ir por diante das administracións na protección e posta en valor do patrimonio cultural oral. O obxectivo debe ser conseguir sensibilizar á sociedade, en primeiro lugar, para que esta comprometa aos gobernos.
18. Os docentes están cada vez menos motivados e comprometidos, sobre todo, para transmitir este tipo de saberes entre o alumnado. Habería que recuperar ese espírito entre o profesorado, ao ser este sector o máis próximo ás novas xeracións.
19. Aínda que non o percibimos como tal, cada xeración crea as súas propias lendas e mitos, o cal non quere dicir que haxa que desbotar as antigas. Non se trata de crer, senón de entender. A lenda urbana é a reprodución temática dos mecanismos tradicionais pero actualizados.
20. Para recoller a tradición oral débese desbotar a metodoloxía da entrevista, hai que dialogar.

CONFERENCIA DE CARLOS TAIBO SOBRE "A TEORÍA DO DECRECEMENTO"

Politólogo galego, profesor titular de Ciencias Políticas e da Administración na Universidade Autónoma de Madrid.

- **PRESENTA:** Adela Figueroa. Bióloga, escritora e membro da Directiva de ADEGA.

Carlos Taibo é galego porque quere, por elección e iso xa di bastante. Por que convidamos un profesor de Ciencia política e Administración a unhas xornadas de Cultura e Territorio, encadradas dentro da campaña de defensa do territorio de ADEGA? Eu coñecín a Carlos Taibo na Ría de Corcubión en defensa do Patrimonio de Quilmas (Carnota), así que a súa traxectoria na defensa do territorio é importante. Trouxémolo porque traballa na liña do decrecemento, unha liña fundamental desde o punto de vista ecoloxista. Para nós é necesario transmitir que a Terra é única e limitada e que o territorio fértil é aínda máis limitado, e que a pegada ecolóxica ten que ser necesariamente reducida. Se consideramos o impacto do mal chamado "primeiro mundo" anda sobre as 4-5 hectáreas de pegada ecolóxica (cada persoas precisa para o seu mantemento esta superficie), iso significa que hai outros lugares do mundo onde non poden dispoñer destas hectáreas. Os que traballan coa vida saben que o crecemento nunha pode ser infinito.

Na sociedade actual, os postos de traballo, polo visto, só se poden crear a través do crecemento, se aumenta a rendibilidade. E é moi importante escoitar voces alternativas que rompen esquemas e que nos devolvan á realidade.



- **CARLOS TAIBO**

Hai uns meses unha compañeira de Universidade contoume que asistira a unha palestra sobre decrecemento e que lle parecera unha proposta moi atraínte. Pero por que... atraínte? Por dúas razóns diametralmente diferentes:

-É unha proposta provocadora. Se por todas partes nos contan que van resolver os nosos problemas se seguimos crecendo economicamente, nós temos a boa vontade de afirmar literalmente contraria.

-Toca determinadas fibras sensibles.

Sempre que falo disto considérome na obriga de chamar a atención sobre tres feitos que desbotan outros tantos malentendidos.

- 1) Relación entre decrecemento e capitalismo. É posible un proxecto de decrecemento dentro do capitalismo? Desde o meu punto de vista, a proposta do decrecemento non é unha proposta alternativa ás contestacións históricas do capitalismo, é polo contrario un agregado importantísimo. Calquera proxecto de contestación do capitalismo no inicio do s. XXI e no mundo desenvolvido tende a ser un proxecto de decrecentista, autoxestionario e antipatriarcal. Se falta un deles alimentará aínda máis ao sistema que contesta.
- 2) Desde o decrecemento sostemos que cómpre reducir sensibelmente os niveis de produción e consumo nos países ricos do Norte opulento. No Sul non se

aplica esta regra porque a renda per cápita alí é moito máis baixa. Cómpre xustificar porén que os habitantes destes países deben tomar nota do que nós no Norte opulento fixemos mal.

- 3) Non ignoro que no Norte desenvolvido tamén hai pobres. Calquera proxecto de decrecemento sensato ten que ser un proxecto de distribución radical dos recursos.



Na visión dominante, o crecemento económico é unha beizón de deus, cóntase que aí onde hai crecemento económico hai cohesión social, niveis de consumo altos, servizos públicos asentados, o desemprego e a desigualdade non gañan terreo. Sobran as razóns para rexeitar o anterior. Vou citar 6:

1. O crecemento económico non xera necesariamente cohesión social. China está a crecer hai 20 anos pero hoxe non está máis cohesionada.
2. A relación entre as economías e o emprego é máis neboenta do que parece. As economías capitalistas creceron notabelmente en 30 anos nos que porén destruíron emprego.
3. O crecemento económico tradúcese a miúdo en agresións ambientais irreversíbeis.
4. Provoca o esgotamento de recursos que sabemos, non van estar a disposición das xeracións vindouras.
5. O crecemento económico dos países ricos bebe das riquezas humanas e materiais dos países pobres.

6. Entre nós, o crecemento económico facilita o asentamento dun modo de vida escravo, en virtude do que tendemos a pensar: que seremos máis felices cantas máis horas traballemos, máis cartos teñamos e máis bens consumamos.

Detrás desta vida escrava hai tres regras de xogo: a publicidade; o crédito e a caducidade dos bens.

A miúdo somos vítimas das grandes cifras que se nos impoñen e que non estamos en condición de avaliar que é de maneira precisa (ex: 15.000 millóns de euros que UE esixe que reduza España do gasto público no mes de maio do ano pasado). Boto man de dous exemplos que retratan fidedignamente o que quero resaltar:

-O gasto sanitario anual per cápita en Cuba en 2005 foi de 236 dólares; en EEUU: 5.274 dólares. Por cada dólar gastado en sanidade en Cuba, gastáronse 20 en EEUU. Porén, as cifras cubanas en materia de esperanza de vida ao nacer e de mortalidade infantil resultaron ser moi similares ás norteamericanas. No noso coñecemento económico convencional, se eu asigno a determinada actividade económica 20 veces máis que ti, por forza obterei mellores resultados. Este exemplo desmente a norma.

Con certeza, a maior eficiencia do sistema cubano terá que ver con determinadas capacidades da sanidade pública da Illa pero tamén terá relación cos efectos paradoxais da escaseza: a dieta en Cuba ten unha presenza moi notable de froitas e verduras diferente á sociedade da opulencia (dieta con efectos saudábeis); tamén o sistema de transporte na Illa obriga aos cubanos a camiñar ou empregar a bicicleta en troques de usar o automóvel.

-O segundo exemplo. A renda per cápita nos EE.UU. é hoxe en día 3 veces superior que ao remate da II Guerra Mundial; porén

a porcentaxe de norteamericanos que declara ser menos feliz foi manifestamente a máis. Un 49% dos estadounidenses é menos feliz, fronte a só un 26% que afirma o contrario.

A máxima: "O diñeiro non fai a felicidade", é verdade? Nos estados iniciais do desenvolvemento, a disposición de recursos e diñeiro si que ten que ver coa felicidade (se consigo cartos para comer); pero deixados atrás os estadios iniciais do desenvolvemento, o hiperconsumo ao que a miúdo nos entregamos é antes un indicador de infelicidade manifesta que unha proba de felicidade exultante.

Desde moito tempo atrás conclúe que cada nova xeración que entra vive mellor que as anteriores. Pero estamos en condicións de afirmar que a xente nova que entra no mercado de traballo vai vivir mellor que a miña xeración? Vai dispor de emprego? Van cobrar subsidio de paro? Vanse beneficiar en 30 ou 40 anos dunha pensión? Ninguén está en condicións de afirmar taxativamente ningunha destas preguntas. Estamos diante dunha xenuína crise da tradición capitalista.

Por detrás do proxecto do decrecemento hai unha conciencia clara sobre os límites medioambientais e de recursos do planeta. Tres metáforas que retratan o problema:

1. Estamos nun barco que se move a unha velocidade de 25 nós camiño dun rochedo co que inexorablemente vai chocar seguindo ese rumbo. Que fixemos co célebre Protocolo de Quioto? Reducir un pouco a velocidade do barco. Isto significa que tardaremos algún tempo máis en tocar o rochedo, pero non mudamos de rumbo polo que segue a existir o problema.
2. No Titanic morreu tanta xente porque os botes salvavidas non eran suficientes para acoller a tantos seres humanos como estaban a bordo do buque. A solución pasaba por desmantelar os camarotes de luxo do

barco e utilizar a madeira para facer máis botes salvavidas. Invoco unha vez máis o senso común no discurso dos nosos políticos que afirman de cote que debemos resolver todos os problemas sen que ninguén perda. Esta é unha estafa intelectual. Aqueles que nos situaran perto do precipicio económico, social e ecolóxico, naturalmente que deben perder.

3. Un lago no que hai un nenúfar que se multiplica a un ritmo de 2 cada 1 por día. Con arranxo a este ritmo o lago estará repleto de nenúfares logo de 30 días e as plantas (faltas de espazo vital) morrerán. En cal deses días o lago estará ocupado pola metade de nenúfares? Seguramente respondamos o día 15, pero a resposta axeitada é o día 29, o día 30 encherán todo o lado; o 28 ocuparán unha cuarta parte, etc. Estamos no día 26 (ocupan 1/16 parte do lago) e diremos non é tan grave o que fixemos; pero alguén replicará axiña: puxemos en marcha un proceso extremadamente rápido e só nos quedan 4 días. Canto máis demorem a nosa intervención, máis recursos e esforzos farán falla para volver as cousas a un estado normal.

Detrás destas tres metáforas está o concepto da PEGADA ECOLÓXICA. Mide a superficie terrestre e marítima que precisamos para manter as actividades económicas hoxe existentes. Todos os estudos conclúen que deixamos moi atrás as posibilidades medioambientais e de recursos que o planeta nos ofrece e que estamos a explotar recursos que non van quedar a disposición de xeracións vindouras.

O filósofo grecofrancés Cornelius Castoriadis confesou 15 anos atrás que lle producía indignación e fascinación comprobar como as persoas que entre nós reivindicaban reformas políticas, económicas e sociais radicais son cualificadas de

"utopistas incorríveis"; polo contrario, en cuanto aos nosos dirixentes políticos sorprendentemente aprésentáenos como persoas sensatas que teñen solucións obxectivas a todos os problemas importantes. Castoriadis agregou que deberíamos actuar como o *pater familias diligens*, o pai de familia dilixente. Este era o seu exemplo: Imaxinemos a un pai que lle comunican que seu fillo pode ter unha gravísima doenza. O pai colocará o seu fillo nas mans dos mellores médicos ou ficar cos brazos cruzados, porque é posible que non a teña. Isto último é o que estamos a facer nós.

Para explicar a proposta do decrecemento vou rescatar un debate que xurdiu hai 30 anos: O porvir da industria militar. Os pacíficos dicían de pechar fábricas e os sindicatos, manter os postos de traballo. Estamos a reivindicar e que é un debate de perfil similar tome corpo nos anos vindouros. O que estamos a dizer é que cómpre reducir sensiblemente a actividade de sectores económicos enteiros: a industria do automóvel, da aviación, da construción, a militar e a publicidade. Alguén responderá axiña que xeraremos millóns de desempregados nos estados membros da UE e como faremos fronte ao problema?

O primeiro dos camiños reivindicará o desenvolvemento daquelas actividades económicas que manteñan relación coa atención das necesidades sociais insatisfeitas e co respecto do medio natural.

O segundo, reclamará que nos sectores económicos convencionais que seguirán existindo procedamos a repartir o traballo.

O resultado en termos case individual será que traballaremos menos horas, teremos máis tempo libre e reduciremos os nosos niveis de consumo a miúdo desbocados. Ese horizonte é claramente preferible ao modo de vida escravo no que estamos emprazados.

Dúas precisións:

- a) A primeira precisión é que non se trata de reducir os niveis de produción e de consumo a cero. Sería absurdo. Trátase de restituír os equilibrios coa natureza que rompemos no seu momento. A segunda salienta que a proposta do decrecemento non é unha proposta triste. O ícone do decrecemento non está configurado por un grupo de lamas que viven nas ladeiras do Himalaia.
- b) O proxecto do decrecemento non se esgota na reivindicación da necesidade de reducir os niveis de produción e de consumo nas sociedades do Norte opulento; senón que reivindica en paralelo a introdución de principios e valores completamente diferentes dos que hoxe malartellan as nosas sociedades. Estes son:
 1. A primacía da vida social, fronte a lóxica frenética da produción, do consumo e da competitividade.
 2. O ocio creativo.
 3. A repartición do traballo. Unha vella demanda sindical que esmoreceu co paso do tempo.
 4. O establecemento dunha renda básica de cidadanía que permita face fronte aos problemas innegábeis que se revelarán ao abeiro da aplicación dun programa de decrecemento.
 5. A redución das dimensións de moitas das infraestruturas produtivas, administrativas e de transporte.
 6. A recuperación do local fronte a lóxica desbocada da globalización, a recuperación da democracia directa e da autoxestión.
 7. A sobriedade e austeridade voluntarias.

Alguén diría que principios e valores como estes nos sitúan fóra do mundo. Non é así. Hai 4 ámbitos diferentes que reflicten o vigor destes valores:

- 1) É verdade que a presenza deses principios resulta máis sólida no caso da tradición libertaria que na das restantes, pero en modo ningún faltan nas restantes.
- 2) O segundo terreo de manifestación destes principios e valores configúrao o que chamamos a economía de coidados (protagonizada por mulleres e materializada no coidado amoroso de cativos e vellos, lonxe das regras monetarias e sempre ecoloxicamente sustentable). Os vencellos coa economía de coidados explican por que os movementos polo decrecemento nútrense fundamentalmente por mulleres.
- 3) Un terceiro ámbito de manifestación deses principios e valores é a propia institución familiar. O común é que no interior da institución familiar pese a lóxica do agasallo, da gratuidade, do don.
- 4) O que configuran moitas da prácticas que cualificamos de atrasadas, como a sabedoría popular dos labregos ou na sabedoría popular de moitos dos pobos do Sul.

Anécdota: misionarios que obsequian aos indios do Brasil con coitelos norteamericanos. Os indios tardan dez veces menos en cortar a leña, pero o tempo que lles sobra dedícanllo a gozalo, non a producir máis. Este chip esmoreceu na nosa cabeza.



Tres exemplos de debates vivos que reclaman a introdución urxente de perspectivas decrecentistas:

- a) Hai uns anos o presidente do Estado lanzou as Medidas sostibles contra a crise do Estado. Unha desas medidas era un programa de axuda para compra de automóbil privado. Un dos elementos centrais da insostibilidade das nosas sociedades é o emprego do transporte privado. O tren é ecoloxicamente máis saudábel que o auto privado, máis rápido e é infinitamente máis barato. Cantas horas de traballo escravo se derivan no emprego do carro? Ademais no tren pódese ir lendo e se hai que andar un pouco, iso obrigárame a facer un mínimo de exercicio físico que non faría se emprego o automóbil. Sei que hai persoas que deben facer uso do automóvel de xeito inevitábel pero non é o caso da maioría dos cidadáns.
- b) Nada retrata mellor as miserias da sociedade como nosa que a alta velocidade ferroviaria. A desfeita medioambiental provocada pola construción das liñas nunca se contabiliza nos cálculos custo-beneficio. Moitas veces se afirmou que a irrupción do tren de alta velocidade deber repercutir na desaparición do tráfico aéreo entre as grandes cidades; pero o avión entre Madrid e Barcelona non desapareceu –os billetes son máis baratos–. Alén diso o AVE é calquera cousa menos unha bicoca ecolóxica. O AVE consome 9 veces máis que un tren a 100 km/h. Entre nós, a aparición das novas liñas de alta velocidade coincidiu no tempo co peche das liñas convencionais porque non eran "rendíbeis". Se os recursos faraónicos orientados á construción das novas liñas de alta velocidade a os asignados á construción paralela de autoestradas se tivesen desviado para modernizar as

o ferrocarril convencional, poderíamos afirmar que esta non é rendíbel?

Ademais, O AVE mellora as comunicacións de vilas extremas a custa de prexudicar a todas as demais en virtude dun proxecto de estrita desertización ferroviaria. No eixo atlántico coinciden as vías do novo AVE co traxecto do tren tradicional, deixando sen servizo público ferroviario a unha chea de localidades que desde moitos anos atrás utilizaron. Quen utiliza a Alta velocidade ferroviaria? Hai media ducia de anos, Rodríguez Zapatero inaugurou un tramo de alta velocidade entre Córdoba e Antequera. O reclamo publicitario era a idea de que o traxecto se reducía de 6 hora a 4,5 horas. Logo apareceu no xornal de Madrid unha carta dun granadino que certificaba tal aforro. Pero cada unha das tres horas aforradas custáballe 18 euros máis (e non era un AVE, senón un ferrocarril tradición que utiliza a vía de alta velocidade). O granadino confesaba que prefería o tren convencional que lle permitía ler 1,5 horas por traxecto e que aforraba 57 euros.

O Ministerio de Fomento dixo: a nova liña de alta velocidade entre Madrid e Valencia vai permitir que se reduza nun 55% o tráfico aéreo, nun 25% o tráfico en automóbil en un 5% o tráfico en autobús. O que nos comunicaba o Sr. Blanco é que investiran miles de millóns de euros na construción dunha alta vía ferroviaria que permitiría que a metade dos ricos que empregaban o avión muden para o comboio, e a abraiante maioría de pobres que ían en autocarro van seguir utilizando o autocarro. Quen precisa chegar de Madrid a Compostela en 2,5 horas? Respondo: os executivos das grandes empresas. Estamos a deseñar un sistema de transporte público

ferroviario sobre a base dos intereses e das actividades dunha singular minoría da nosa poboación.

- c) Hai dous anos ollando unha tertulia televisiva contemplei como un dos tertulianos habituais fixo unha reflexión extremadamente lúcida sobre o delicado panorama enerxético que temos enriba. Logo entendín que era a precesión do remedio: a enerxía nuclear. Quería alimentar a tese de que tiñamos que afortalar a enerxía nuclear. Non nos deixemos enganar. Os pronósticos sinalan que no planeta hai uranio para 50 anos. Pero os partidarios de converter a enerxía nuclear na nosa táboa de salvación afirman que hai que multiplicar por 3 o número de centrais nuclear. Entón teremos uranio para 15 anos. Ninguén sabe que facer cos residuos radioactivos, a construción das centrais é gravosa en termos de mudanza climática, a enerxía que producen resulta comunmente cara e reivindica de subvencións pública, xa non falo das condicións de seguridade... Felipe González nunha entrevista respondía que para facer fronte ao panorama debiamos botar man de 3 fórmulas: desenvolver enerxías limpas e renovábeis, diversificar as fontes de subministro e reabrir de maneira mesurada o debate sobre a enerxía nuclear. Calou que tiñamos que reducir sensibelmente os nosos niveis de consumo. É a resposta máis elemental nunha situación de escaseza. González cobra das poderosas empresas do sector enerxético.

Para facer fronte ao panorama enerxético que se nos bota enriba temos que utilizar dous procedementos: o primeiro é desenvolver enerxías limpas e renovábeis mais non ao servizo do estilo de vida predador que caracteriza

as nosas sociedades e segundo, reducir os nosos niveis de consumo.

Nos últimos tempos debemos emprestarlle atención a 2 procesos importantes que van cobrar presenza nos vindouros anos:

Rexurdimento de movementos de contestación e de emancipación. A pesar de todo a crise comeza a abrir os ollos dunha parte dos nosos concidadáns.

A proposta do decrecemento formulada 10 anos atrás tería provocada a idea que quen a anuncia está fóra do mundo. Hoxe cada vez son máis os que conclúen que temos que comezar a abrir camiños por esa canle.

Carl Amery escribiu "Auschvitch, comienza el siglo XXI? A tese de Amery subliña que estaríamos moi errados se

concluimos que as políticas dos nazis remiten a un momento histórico irrepitíbel e que se volverán a repetir. Amery di que poden volver a aparecer nos anos próximos, non defendidas por ultras nazis, senón postuladas por algúns dos principais centros de poder político e económico, cada vez máis conscientes da escaseza xeral que se avexiña e cada vez máis decididos a permitir que eses recursos escasos fiquen nunhas poucas mans ao abeiro dun programa de darwinismo social militarizado. Creo que boa parte das políticas do anterior líder norteamericano e que herdou o actual, beben dun proxecto desta natureza. E boa parte das medidas que a UE aplica aos inmigrantes que chegan a Europa beben deste tipo de proposta.

INTERVENCIÓN DO PÚBLICO



A responsabilidade dos nosos dirixentes políticos. Os seus vencellos cos poderes económicos son tan fortes que a súa vontade de romper as regras de xogo é reducida por non dicir nula.

Cada vez discutimos menos sobre o que vai acontecer. E a xente porqué non reaxe? Reclaman unha batería de respostas moi complexa. A veces non reaxe porque non sabe, descoñece. Non reaxe porque moitos dos nosos concidadáns din "xa teño problemas suficientes". En terceiro lugar hai unha minoría que decide que como o barco se vai a pique, só corresponde beber champaña e bailar un vals.

A explicación do que pasa na nosa cabeza ten moito que ver co que contan os medios de comunicación, que comunican 2 ideas diferentes. O discurso máis común é negacionista: son uns alarmistas... Pero comeza a agromar outro discurso que salienta a catástrofe co propósito de admitir o asentamento de políticas de represión aínda maiores.

Ramón Fernández Durán chama a atención sobre a idea de que moitos dos desherdados de sempre do planeta están en mellor condicións que os habitantes do Norte opulento para facer fronte á xenuína idade das tebras que se nos vén enriba, porque viven en comunidades máis pequenas e menos complexas, porque mantiveron unha vida social activa, porque

están afeitos a respeitar os vencellos co meio natural e porque son infinitamente menos dependentes que nós. Este argumento afortala a idea de que temos que buscar no Sul e na nosa sabedoría tradicional moitos dos elementos de supervivencia.

En escenarios menos castigados pola industrialización a presenza de doenzas non é tan forte. No escenario da opulencia nos últimos 50 anos multiplicáronse notabelmente as enfermidades.

Esquecíame da visión estética vinculada co tren. Co AVE pérdese a percepción da paisaxe. E alén diso o tipo de seres humanos que frecuencia estes comboios non son nada estimulantes (executivos que van facendo negocios). O grande negocio do AVE vai ser para as compañías de autocarros porque a poboación vai comezar a utilizar o autobús fronte a ausencia do tren. É un proxecto socialmente insustentábel.

Calquera proxecto consciente e radical ten que ser un proxecto de loita contra a cidade. Boa parte dos nosos problemas ten que ver co crecemento desmesurado e a crecen complexización das cidades. O vigor do colectivo fronte a individualidade e a conciencia do futuro vai en contra da cidade. Os nosos labregos plantaban árbores para os seus netos e bisnetos.

Hai unha diferenza fundamental entre a tradición leninista e socialdemócrata (só podemos mudar a realidade se chegamos ao poder) e a tradición libertaria (temos que mudar a realidade aquí onde estamos).

As novas tecnoloxías (internet) promoven a redución dos postos do traballo e ademais non son particularmente sustentábeis. A pesar da súa aparencia inmaterial reclaman a presenza de recursos materiais moi fortes. Todas as tecnoloxías xeradas polo capitalismo levan a súa pegada.

MESA REDONDA: "CULTURA E O TERRITORIO"

- ✓ MODERA: Carlota Eiros, arquitecta e membro de ADEGA.

A cultura que temos e que estamos a fabricar pertence a ese mundo capitalista. Non nego que a teoría do decrecemento sexa racional pero é difícil de asumir e levar a práctica, como o propio Carlos Taibo recoñece. Estamos hoxe aquí entre todos, antes que se produza ese colapso, preguntándonos que podemos facer e de aí o título desta mesa "Cultura e Territorio". En principio, unha dicotomía porque non pode haber unha cultura sen territorio. Pero esta mesma dicotomía indúcenos a pensar de que existe un problema entre ambos conceptos. "Cultura" é unha palabra suave e sonora, latina, de orixe popular e que significa "cultivar". "Territorio", pola contra é unha palabra dura, que se identifica co mundo das conquistas e do imperialismo, e a nivel de Galiza eu identifico a coa Administración e coa Consellaría de Ordenación do Territorio. Como podemos manter a nosa cultura tradicional nestes novos terreos ilustrados, manexados polo poder tecnocrático do Capitalismo? Para entender estas cuestións gozamos da compañía de María López Sande (profesora da USC e autora do libro "Paisaxe e Nación"), que recolle todas as paisaxes imaxinarios dos que falaba Reigosa; o profesor Xoán Manoel Rosales, arquitecto na Escola da Coruña, e que hoxe está aquí para explicar o proxecto pedagóxico "Proxecto Terra" destinado a atraer a atención e a triunfar, porque "terra" é unha desas palabras bonitas. Recibiu un premio do Ministerio de Cultura e leva 10 anos funcionando. E para introducirmos no territorio temos a Ricardo Polín, coñecedor dos camiños de Santiago e colaborador de ADEGA.

- XOSÉ MANOEL ROSALES. Arquitecto e coordinador do Proxecto Terra do COAG.



Nos vídeos explicativos de Proxecto Terra está todo o que fixemos: 3 DVD, un deles contén 7 vídeos; outro contén todos os materiais elaborados para educación primaria e secundaria; agora estamos elaborando os materiais para a educación infantil de Galiza. Por último hai un programa chamado "Paisaxe" do que fixemos tradución e distribución. Todos os materiais de Proxecto Terra están en todos os centros de Galiza de educación primaria, no 100% dos centros públicos de secundaria e confiamos que estean no 100% dos centros de educación infantil.

Na nosa iniciativa, nós entendemos que o único xeito de que isto teña posibilidade de mudar é que nas etapas de escolarización obrigatoria a cidadanía teña unha visión algo distinta do que temos que facer para xestionar do mellor xeito posible a terra. Ese é o maior compromiso colectivo: cada xeración ten que asumir que a formación, o coñecemento, a visión crítica e a capacidade propositiva son elementos que temos que cultivar nas novas xeracións para que o entendan en mellores condicións que nós.

(Spots): Catro lugares, catro estacións.

A día de hoxe o proxecto só é posible pola colaboración da Consellaría de Medio Ambiente e Infraestruturas que colabora con nós. Este é un material de reflexión

para traballo na aula. Trabállanse as luces, sombras, materiais, etc.

Facendo estes vídeos descúbrense cousas que pasan pero que un non lle ten prestado atención. Isto axuda moito a entender o territorio, porque o que pasa na educación é que se obriga a reflexionar ao alumnado con material alleo ao noso contorno. Este material contén imaxes do país, e non idílicas, senón reais. Non podemos facer propostas de mellora se partimos do descoñecemento.

Por ser un proxecto educativo, non dicimos o que está ben e o que está mal, iso ten que saír do traballo do alumnado e das propias vivencias de cada un dos alumnos. Non é un discurso pechado.

(Spots).

A faceta propositiva non se contempla nos nosos materiais. A nosa intención é que os materiais que cheguen as aulas teñen que ser asumidas e apropiados polo profesorado e o alumnado. Dese ser un tema doado, encaixar no currículo vixente, deben ser recursos que se poidan adaptar ao longo do tempo, etc. Sobre todo o que se fai é observación e coñecemento do que existe e os procesos históricos. A idades máis avanzadas xa comeza a haber algunha iniciativa propositiva.

O proxecto é moi complexo e diverso. A nivel de secundaria o ámbito curricular é o de ciencias pero pódense tratar noutras disciplinas. A visión histórica ou o tempo está presente nas nosas reflexións, pero nos materiais de primaria só se traballa o presente inmediato. Nos materiais de secundaria traballas presente e pasado próximo e no terceiro ciclo trabállase o tempo algo máis histórico.

O mundo educativo nestas etapas é moi complicado. Sendo conscientes do mal momento polo que pasa a educación, a valoración que facemos do Proxecto Terra é alta. Onde o vemos? Temos unhas actividades complementarias (visitas

guiadas e intercambios territoriais) nas que damos a opción de que a xente poida moverse polo territorio e poida vivir en primeira persoa os temas obxecto de estudo nas aulas. A día de hoxe xa participaron 20.000 escolares, en máis de 500 actividades, e en máis do 40% dos centros educativos de toda Galiza. Isto é algo anormal. Os centro que coñecen o proxecto normalmente repiten ano tras outro.

Hai resultados inmediatos. Cando levamos xente a facer visitas guiadas ou intercambios territoriais vemos que, por exemplo, aos alumnos de Arteixo a Allariz podían contrastar que nun mesmo país había formas diferentes de xestionar o territorio. Esa forma de alimentar preguntas é un resultado inmediato.

O sitio da actividade debe de ser vivencial, que os alumnos poidan facer nese sitio diferente as cousas que normalmente fan no seu espazo habitual, ao tempo que o escenario é outro, porque entendemos que a cualidade do espazo muda a vivencia.

Este é a primeira vivencia que levan. Provocamos un contraste de situación que os leven a facerse preguntas. Onde está a nosa tendencialidade, indicamos os espazos que merecen ser visitados.

O que nos preocupa é que outras realidades son posibles aquí mesmo, non fai falla recorrer a modelos alleos. Somos quen de facer cousas de xeito distinto e o noso obxectivo é demostrar que iso é posible e que xa está aí.

- **MARÍA LÓPEZ SÁNDEZ.** Doutora en Teoría da Literatura e autora de "Paisaxe e nación. A creación discursiva do territorio".



O que eu estudei até agora é como se construíu a percepción que temos da paisaxe galega e como iso tivera un funcionamento para a construción do discurso nacionalista. O que é pertinente no marco destas xornadas é ver como ese imaxinario territorial e paisaxístico que construímos nun discurso literario –e non só literario–, pode ter tamén un uso ideolóxico eficaz para a preservación do territorio, para que siga contribuindo a unha mellor xestión do territorio.

Do que eu vou falar tamén é patrimonio inmaterial. A propia paisaxe é un patrimonio inmaterial, pois non é o mesmo paisaxe que natureza. A paisaxe precisa da nosa ollada, é unha construción subxectiva. O século XIX foi decisivo para esa constitución e foi tamén entón cando se tomou conciencia da importancia que podía ter a reivindicación da dignidade paisaxística galega. Neste senso, seguen resultando pertinentes as palabras de Rosalía de Castro no prólogo de *Cantares Gallegos*. Hoxe cando lemos a Rosalía de Castro parécenos asistir a paisaxes tópicas, paisaxes que xa coñecemos e das que non percibimos o que teñen de novedoso:

Lagos, cascadas, torrentes, veigas froridas, valles, montañas, ceos azúes e serenos como os de Italia, horizontes nubrados e malencónicos anque sempre

hermosos como os tan alabados da Suiza, ribeiras apacibles e sereniñas, cabos tempestuosos que aterran e adimiran pola súa xigantesca e xorda cólera... mares imensos... ¿Qué direi máis? Non hai pruma que poida enumerar tanto encanto reunido. A terra cuberta en tódalas estacións de herbiñas e de frores, os montes cheios de pinos, de robres e salgueiros, os lixeiros ventos que pasan, as fontes e os torrentes derramándose fervedores e cristaiños, vran e inverno xa polos risoños campos, xa en profundas e sombrisas ondanadas... Galicia é sempre un xardín donde se respiran aromas puros, fresca e poesía...

Isto non nos soa a novo e, con todo, é en *Cantares gallegos* onde por primeira vez se documenta a palabra "paisaxe" en galego. No prólogo, Rosalía dicía que nos chamaran "cortello inmundo". Dixera Góngora:

*¡Ô montañas de Galicia, / cuia (por decir verdad) /
espesura es suciedad / cuia maleça es malicia! /*

Comezou Rosalía a autorrepresentarse, a describirse, porque apropiarse do propio corpo ou territorio e describi-lo un mesmo é unha necesidade de descolonización. Rosalía tiña xa unha conciencia ecolóxica, sobre todo no poemario *En las orillas del Sar*, como podemos ver no poema "Los Robles". En 1882 o goberno central comezara un proceso de talas de bosques galegos e Rosalía reflicte o trato colonial no seus poemas. Neles retoma a beleza paisaxística de modo reivindicativo e describe o proceso de destrución dos montes galegos tratado como un acto sacrílego. Neste marco do XIX, retoma a visión do carballo como a árbore sagrada dos celtas. Fai unha descrición desa destrución:

*Bajo el hacha implacable, ¡cuán presto
en tierra cayeron
encinas y robles!;
y a los rayos del alba risueña,
¡qué calva aparece
la cima del monte!*

*Los que ayer fueron bosques y selvas
de agreste espesura,*

donde envueltas en dulce misterio
al rayar el día
flotaban las brumas,
y brotaba la fuente serena
entre flores y musgos oculta,
hoy son áridas lomas que ostentan
deformes y negras
sus hondas cisuras.

A construción do imaxinario paisaxístico que hoxe asumimos todos, mesmo aqueles que seguen dando un trato colonial a Galiza, aceptan e asumen que Galiza é bela e fermosa. Pero esta percepción non callou tan rápido como poderíamos pensar. Aínda Juan Ramón Jiménez nos seguiu chamando "mojado manicomio".

Realmente a construción da paisaxe galega como algo positivo foi algo que levou un proceso cultural intenso, no que se mobilizaron moitas ferramentas culturais porque a construción do imaxinario faise por repetición, do mesmo xeito que opera a publicidade. Foi necesario un enorme investimento cultural para modificar a percepción negativa que se tiña antes do Rexurdimento.

Outro autor fundamental na construción deste imaxinario da paisaxe galega foi Otero Pedrayo. Tamén nel podemos percibir esa mesma vea ecolóxica que vimos en Rosalía, focalizada ademais na dimensión forestal. É moi significativo que na obra *Arredor de sí*, o protagonista Adrián Solobio, tras buscar en terras alleas a construción da súa personalidade, volva a Galicia. Mais máis significativo aínda é que o seu irmán, caracterizado como materialista e desleigado, representante dunha fidalguía materialista que vende e traizoa o territorio, sexa o que planea inzar de eucaliptos todos os montes da casa.

Se imos a un texto ensaístico de Pedrayo, percibimos que para el, quen, lembremos, era asemade xeógrafo, a cuestión das especies arbóreas era moi importante. Nun texto do ano 1922 chega mesmo a suplicar:

Mais, por Deus, non plantedes nin acacias de bola nin palmeras. A acacia, arbol municipal, ético de presupostos, ten en sí unha cursilería que entristece. Os seus redondeles de sombra non poden agarimar un idilio fecundo. A palmeira fai o efecto dun pantalón de franela branca nunha tarde de invernía desfeita. E si está nun texto pintado de verde, ten un noxento carácter tabernario.

Podemos concluír, logo, que a conciencia da destrución leva moitos anos existindo e que aqueles axentes culturais que traballaron a prol da construción dun imaxinario paisaxístico positivo foron xa conscientes do inicio da súa degradación.

Un autor moi consciente de como se construíra o imaxinario territorial é Ferrín. En *Retorno a Taguen Ata*, nese ciclo que é unha auténtica alegoría nacional no que se recolle todo o proceso de construción cultural da identidade galega, cando el describe Taguen Ata inclúe nunha nota ao pé:

'A parte central de Tagen Ata atópase ocupada por unha grande mancha de bosco que representa un 60 por 100 de superficie total do país. A Grande Fraga é un símbolo nacional. Está formada por especies de tipo predominantemente boreal (castiñeiro, carballo, fento), e habitada por unha fauna de donicelas, esquivos, pitas do monte. Notables influencias mediterráneas mestúranse a aquela base morfolóxica en forma de distintas especies de monte baixo e árbores de folla perenne. En moitos claros aséntanse pequenas vilas e aldeas adicadas á elaboración do carbón vexetal e á explotación madeireira. Na cidade de T. Algunhas grandes factorías utilizan a madeira como materia prima.'

Moitos galegos traballaron a terra dun xeito directo, construíron o material e o real do noso territorio; mais tamén os nosos literatos contribuíron a crear unha imaxe da nosa paisaxe e territorio. Esta imaxe construída préstase a moitos usos ideolóxicos, un dos cales pode ser un uso ecolóxico.

A realidade territorial actual non coincide co noso propio imaxinario paisaxístico. Cornelius Castoriadis (1975) foi moi agudo ao describir o

funcionamento do imaxinario social e o feito de que entre este e a realidade existe sempre un desfase: a realidade cambia, pero o imaxinario é moi conservador, a transformación é moi lenta, polo que a miúdo o imaxinario dominante xa non se corresponde coa realidade material. Os galegos aínda temos unha percepción dun imaxinario paisaxístico ligado ás nosas especies autóctonas, en contraste coa degradación forestal e a súa substitución por especies alóctonas en boa parte da superficie galega. Mais a permanencia dese imaxinario territorial que coincide co que é desexable en termos ecolóxicos pode utilizarse como modo de sensibilizar e de contribuír a que a realidade territorial non siga a destruírse e que poida haber unha dose de recuperación do territorio.

- **RICARDO POLÍN.** Profesor de Lingua e Literatura galega, filólogo de literatura medieval e estudo dos camiños de Santiago.

Estamos nun momento decisivo. A ruptura pode ser definitiva non só para as nosas señas de identidade colectivas senón persoais, naquilo que o territorio pode ter de capacidade para interpretar o que somos. Eu falarei da interpretación do territorio a través da camiñeira histórica, na medida que este patrimonio nos conecta co noso ser.

Cando hai 20 anos se puxo en marcha o *redescubrimiento* do fenómeno Xacobeo, mediante unha operación de estratexia política de marketing, moi favorecedor para os poderes políticos, tamén se abrían unhas posibilidades moi grandes de protección. Pasaron 20 anos, esa posibilidade non foi aproveitada e mesmo foi deturpada dun xeito lamentable.

Sempre me interesei na camiñeira histórica porque os camiños (en concreto os de Santiago) nos facían crer que os camiños que nos conectaron como pobo e

como pobo da Fisterra europea co mundo son só camiños de peregrinación, cando son os camiños que calquera pobo manexa para resolver os seus problemas e conectarse co mundo, e xa por ese feito en si deben ter unha protección clara.

Porque os camiños ademais son configurados legalmente como patrimonio cultural. En concreto os camiños de Santiago aparecen dentro das categorías legais de BIC definidos como territorios históricos (artigo 4). A cousa que máis me solivianta é pensar que un camiño é unha liña. En realidade defínese como lugar ou paraxe cultural vinculado a acontecementos ou recordos do pasado, creacións culturais ou da natureza, obras do home con valores históricos ou técnicos. Cando perdemos un camiño histórico hai un pouso moi fondo detrás. Se non o entendemos perdemos unha parte moi importante da nosa vida cultural.



Os dous conceptos claves é que se define como territorio, é dicir, que é un soporte físico dos valores culturais. Se perdemos o referente físico estamos perdendo as implicacións culturais das que deriva. Ademais é un territorio cualificado como histórico, é dicir, que mantén a estrutura dun complexo agrario de orixe medieval momento no que nace esta camiñeira histórica e que manteñen unhas señas de identidade.

Na lei de Patrimonio cultural de Galiza dinos que é un patrimonio de interese

relevante para a permanencia da identidade e da cultura galega. Está xa contemplado no noso ordenamento cultural, desde o punto de vista legal, máis elemental.

Hai unha incidencia moi clara do camiño na formación e na transformación do territorio da que é resultado esa paisaxe cultural. E todas as influencias que nos chegan a través do camiño histórico.

Hai outro elemento que aparece e que comeza a ser moi denostado. O elemento esencial da determinación legal dos camiños históricos é a historicidade, o feito de ser rutas históricas recoñecidas documentalmente e, por tanto, hai que facer un esforzo serio de recuperación documental.

No expediente de inclusión do camiño francés como patrimonio mundial recóllense tres valores: que é unha testemuña do intercambio de valores (é matriz do concepto de Europa); é un exemplo de paisaxe e de construción humana; e tamén significa unha asociación moi clara con tradicións que teñen un profundo valor universal. Os tres conceptos están recollidos na declaración de patrimonio mundial. Nese senso, tería que reclamar dunha vez por todas a visión laica da nosa cultura camiñeira e da trama histórica, no senso de que o camiño portugués non é só un camiño de peregrinación, senón que nos conecta cunha parte histórica fundamental do que nós fomos como pobo; o do norte conectounos cos pobos nórdicos. Por tanto, alén desa visión peregrinatoria, os camiños históricos e maiormente os de longo percorrido debemos telos en consideración polo seu significado social e cultural. E estender esa protección legal ao conxunto das vías tradicionais do país. Como se pode destruír unha corredora no ano 2011 con toda a alegría do mundo? Unha corredora ten un punto de partida e outro de chegada, entroncamentos, elementos arquitectónicos, é soporte física

de toda unha simboloxía e aportación inmaterial intanxible. Onde están os informes dos técnicos de cultura? Como poden chegar aos altos postos de dirección da Cultura do país persoas que non teñen ningunha experiencia nese sentido?

Hai tres valores esenciais, pasaron 20 anos e estamos en pleno proceso de delimitación dos camiños históricos no que hai que contemplar: a historicidade, a autenticidade e a integridade dos elementos (nas súas distintas dimensións). Iso vai condicionar o proceso de delimitación que acaba de comezar (o 30 de xullo de 2010 expónse ao público o primeiro destes procesos que afecta o camiño francés). Logo de ser analizado, apareceron numerosos palmeiros (os que aplauden sempre), é un dossier tremendamente longo, que require un esforzo minucioso de estudo. Ninguén debe opinar sobre esas cuestións se non fai ese esforzo.

Tirei algunha conclusións dalgunhas alegacións que se presentaron contra este proceso de delimitación:

1. Defíneno como un "proceso aberto". En principio é algo positivo, no sentido de que en calquera momento haberá que rectificar cousas en función dos avances científicos sobre a cuestión que se trata; pero non se entende así. Interpretano no sentido de que é discutible e que tanto pode ir para un lado como pode ir para o outro.
2. Iso implica o abandono do criterio de autenticidade histórica en función de criterios de consolidación. Ao longo dos últimos anos foron alterados os camiños históricos dun xeito brutal, hai que facer o esforzo de recuperar a traza histórica, chegando se é necesario á expropiación. E iso significa recuperar todo o entramado do territorio histórico e dos elementos culturais asociados ao mesmo.
3. Abandónanse os criterios legais de recuperación desa traza. Naqueles

trazos que supoñen un esforzo económico relevante, renunciárase ao mesmo.

4. Ese ámbito de protección dun BIC queda reducido drasticamente.

Isto está en período de revisión das alegacións presentadas, ten un impacto tremendo sobre o territorio e sobre a cultura asociada ao territorio. Son diversas as vías históricas que cruzan o país, é importante ter ben documentado o patrimonio cultural asociado ás mesma. Seguramente por esas esixencias de rigor, eu acabo de ser cesado como vogal do Consello Asesor do Camiño de Santiago, seguramente porque era máis conveniente para o proceso de aprobación desta "chapuza" substituírme por persoas que mostra unha tendencia máis consentidora.

Dúas consideracións máis. Solicito respecto á estrutura viaria tradicional, que configurou o noso pensamento ao longo da historia. Por tanto tamén configura o noso sentimento. Unha concentración parcelaria muda o pensamento e trastoca o sentimento. É tamén a eterna loita por manter o deseño radial da paisaxe de raíz medieval, ese deseño que confluía nas prazas, fronte as "vilas de carreteira" desenvolvidas en períodos de urbanización salvaxe. Hai moitos exemplos (*comentario de fotos*):

-Burgo de Negral (na parroquia de Friol). Un pobo con estrutura radial agrupado en torno a unha ponte sobre o río Ferreira e a carón o vello hospital de peregrinos. Sobre a ponte pasa o primeiro camiño xacobeo da historia (12.000 anos de antigüidade). A concentración parcelaria non respectaron esa estrutura, fixéronse pistas de 11 metros de ancho e non hai quen recoñeza a aldea. Perderon o mellor que tiñan.

-PXOM de Vilalba, burgo medieval en torno a unha fortaleza, estrutura radial. As vías propostas no PXOM cortan esta vella trama urbanística.

-Rolda leste ao hospital de Lugo. Ía cortar todos os accesos antigos polo norte de Lugo a Lucus Augusti. Eu quero preguntar: interésalle á cidadanía de Lugo, cidade romana, manter os seus accesos históricos para entrar a pé na cidade? A alguén se lle ocorre pensar que destrúe en canto aos valores culturais das vías tradicionais, que é o que se vai perder?

A importancia dos entroncamentos viarios, lugares míticos, os camiños transversais (irmandamento de vello dos pobos antigos); os pasos naturais, maiormente en zonas de montaña, viais de tránsito anteriores ás calzadas romanas e todas aquelas vías que nos falan de feitos históricos e que son destruídas cada día sen ningún tipo de contemplación.



Estes días escoitei falar do determinismo biolóxico, sen darse conta de que as cousas pódense mudar, tamén os enfoques, a educación en valores e en sensibilidades, as nosas actitudes e a nosa forma de interpretar o mundo.

(*Comentario de fotos*):

-Concello de Ribadeo. Este inverno algunhas pontes históricas sufriron trastornos polo temporal. A Ponte de Arante sobre o río Grande, que non ten máis de cen anos, é unha ponte armónica co entorno e era unha ponte que requiría que se fixeran valer as súas señas de identidade. Nela lémbrese a batalla dos franceses, porque alí se tende unha emboscada ao exército de Napoleón. Ao seu carón ten unha capela das Virtudes

con pinturas murais do S. XV e XVI. Pero ante a presión veciñal carente de esa sensibilidade e ante a proximidade dunhas eleccións (mes de febreiro) tírase coa ponte. Foi unha decisión política. Agora fan unha ponte de formigón. A mensaxe que se nos vende na prensa: "salvouse o último atranco da riada".

-Paso da autovía do Cantábrico pola capital do antigo Reino, polo territorio histórico de Mondoñedo. Das tres variantes do proxecto escolleuse a máis barata, sobre o Monte Padornelo, que é todo o fondo paisaxístico da cidade de Mondoñedo. Os estudos xeolóxicos fallaron, o terreo non resiste o paso, leva dous anos parado cun gasto económico impresionante e co impacto feito.

-Ao outro lado está a Pena da Roca. Falabamos dos símbolos da paisaxe. A min resúltame xa difícil explicar o valor cultural do territorio, se non é fóra da Praza Maior, mesmo a nivel léxico. Comentabamos a propósito dos textos de Otero Pedrayo, que ten un ensaio moi bonito "Cultura e Paisaxe" que logo o Consello da Cultura transformou en "Cultura é Paisaxe". Plantacións de árbores nos camiños históricos que se fan como churros. Non hai contemplacións sobre a diversidade do territorio, a diversidade paisaxística, as distintas altitudes (onde hai un territorio ermo, por que transformalo en bosque?). A que vén adoquinar as vías históricas ou poñéndolle varandas ao camiño de Santiago, sumidoiros de formigón, banquiños... Despois de 12.000 anos de antigüidade do camiño histórico, que se fundamenta en valores de carácter espiritual (tamén a comunión coa natureza, o silencio, o reencontro con nós mesmos, a reflexión)... Se transformamos o territorio matamos a esencia dos camiños.

-San Xoán do Alto. Cada día, igual que na época do Padre Sarmiento, os paisanos aprópianse do que non é deles. O alcalde de turno non se vai permitir o luxo de

perder uns votos. Consecuencia: que nos quedamos sen vías históricas. Este camiño pasa por xunto o Castro da Seara, porque os castros en Lugo estaban no contorno deste paso natural, pasa por un vello mosteiro do s. XI, e permítese que se peche e se transforme nun padeiro e a Deputación provincial desvía o camiño histórico por un camiño peonil pola estrada. Aí quedaba un vello leguario (metido nunha parede) e aí a tala que deixa ver os muros laterais do camiño primitivo.

-A conexión de Lugo coa Costa, o camiño de Ribadeo polo Castro de Viladonga. Ninguén fai nada por manter en pé os últimos treitos e vestixios deste camiño milenario. Esa é a entrada do camiño en Lugo no entorno do hospital en Lugo. Por que a carón do hospital "Lucus Augusti" non se conservou a vía histórica que conecta Ribadeo con Lugo, mesmo afectando aos túmulos e enterramentos que se practicaban no entorno destas vías históricas. Curiosamente, desde ese corte para acó estíbese a produción a recuperación do camiño dun xeito bastante aceptable.



-Xustamente na Ponte da Chanca hai un carballo que debería estar xa protexido por ser un símbolo do camiño. Ao paso, os símbolos, van lembrando o significado das cousas. Os bosques, os camiños, as pontes...teñen nome. E é a nosa lingua.

-San Martiño de Carballedo. Obra denunciada ao concello de Lugo. Peche do

camiño para facer un campo da festa e sen licenza municipal (precisaría da licenza de Cultura). Paralelamente desvío á estrada nos últimos 20 anos.

Que fai a Administración para recuperar o territorio. O propietario que se fai dono do camiño histórico para convertelo en eucaliptal coloca un cartel ameazante. E a Administración apoia esta decisión particular colocando un cartel de desvío provisional que leva aí 20 anos.

O Camiño primitivo vén de ser proposto para Patrimonio Mundial. Os membros de ICOMOS e os do Comité Internacional de Expertos do Camiño dixérono claramente: se estas cuestións non se amañan que se esquezan da declaración de Patrimonio Mundial e que se esquezan dunha protección de 30 metros a carón do camiño... Hai que definir claramente o territorio histórico asociado con esa vía e hai que protexela adecuadamente e canda menos o que é a cunca visual deste camiño.

-Fondos europeos do plan Leader, o alcalde de Toques utilízao para asfaltar a vía romana XIX coincidente co Camiño Primitivo e paralelamente os paisanos colocan cancelas na vía. Este inverno voluntarios intentaron recuperar o paso en Pena Ferrada.

-O entorno do Cristo do Fiouco en Mondoñedo, a Serra da Corda. Se algo a representa é a literatura de Alvaro Cunqueiro que a define como un animal antediluviano que tiña a cabeza en Abadín e a parte final en Mondoñedo. Detrás da Corda están os "homes detrás da Corda" de Carlos Reigosa; é tamén a poesía da paisaxe de Aquilino Iglesia Alvariño... toda a escola paisaxista do norte de Lugo tan denostada. Todos eses poetas falaban dos seres desprotexidos, das sensacións máis puras da natureza teñen sido tachados de conservadores unha e mil veces, e seguramente aí está o espírito ecoloxista máis puro.

Que pasou na Serra da Corda? Polo pico pasaba un camiño ancestral que comunicaba a Mariña coa Terra Chá. Estes valores ninguén os puxo na balanza. Desde o Consello Asesor do Camiño avisáronse mil veces aos de Fomento.

Hai que facerlle caso aos nosos referentes literarios que son o noso pouso cultural. Suxeriría fomentar os estudos de historia local, o labor dos cronistas, o traballo de campo, volver ao enfoque rural (concepto denostado). Somos a última xeración do coñecemento exhaustivo do territorio á vella usanza, os últimos con capacidade para narralo.

Hai un contraste moi forte entre a crónica divulgativa moderna e turística, ese discurso plano, e o relato cultural. O primeiro non contén ningún referente á cultura inmaterial ou histórica. Esta é a desmemoria máis absoluta. É unha ruptura co relato dos nosos vellos que son minuciosos e exhaustivos no seu estilo de narrar as cousas. Así as palabras morren. É o labor dos escritores co que son crítico. Cando se ten como soporte o territorio hai que mollarse no territorio e non se pode escribir sen coñecelo. Hai que recuperar o oficio, cultivar a lingua, preservala, valorala.



E sobre todo... o grande problema da depredación onomástica da superficie destruída. Cando vai haber unha lei que impida, por exemplo roturar un territorio sen antes recoller os nomes. Se desaparecen as vías tradicionais, as

pontes... cos seus nomes, deixan de estar na memoria. Non hai lei que force a recollida da microtoponimia do lugar. Están deixando capelas sen camiños da romaría, parte insubstituíble da capela. Viacruces e calvarios sen destino, cruceiros sen encrucillar... Para cando un pacto pola toponimia urbana? Os camiños, terreos urbanos, as leiras... non tiñan nome tradicional? É tan imprescindible dar denominacións personalistas ás nosas rúas. Eses nomes son referentes para o noso pobo. Sobre todo esa tendencia á simplificación e á uniformización, a esa creación dunha nomenclatura contracultural... Ex: concentración de quads en Pol, 300 quads nun pobo de menos de 3.000 habitantes e preguntome: canto quedou no PIB do concello desa actividade? É así como se promociona desde un concello democrático os hábitos de aforro e de eficiencia enerxética facendo piruetas polos bosques? E logo ese sistema tan democrático, os nosos alcaldes en mans da hostelería, industria do motor,

eleccións á vista e paisanos papanatas que aplauden fascinados o paso do ruxidoiro polas súas vellas leiras e congostras... o mundo ao revés.

Estamos educando na sensibilidade ou na competitividade? Os estudos revelan que temos unhas novas xeracións depredadoras e consumidoras ao extremo de rebaixar os niveis da esixencia ambiental e de valoración da cultura. Non sei se iso ten algo que ver coa *geração da rasca*, pero non o teño claro. Hai unha falta tremenda de implicación do ámbito educativo co propio medio no que se está formando. O alumnado non coñece para nada o entorno no que foi criado e os antecedentes que forman parte del. Poñemos ao noso alumnado a observar o urbanismo que ten no entorno? Ou esas cuestións é preferible que non formen parte do currículo escolar? Non vexo avances nese sentido.

INTERVENCIÓN DO PÚBLICO

RICARDO POLÍN. A testemuña do Padre Sarmiento foi indispensable para recuperar a traza histórica do Camiño Norte desde Sobrado dos Monxes a Lavacolla; de aí o importante labor dos escritores.

O exercicio pedagóxico que había que facer, falar cos paisanos, todos eles comprendían que a súa parroquia tiña un valor simbólico importante, a ponte. Pero non se lles deu oportunidade de facer ese exercicio dialéctico, é un modelo que vén imposto e que co paso do tempo danse conta de que iso prexudicaba aos seus intereses.

A educación na sensibilidade e dos valores de respecto á cultura non se dá. As grandes infraestruturas teñen prioridade sobre as

valoracións de carácter cultural e moral. É un proceso educativo que hai que facer con implicacións moi serias.

MARÍA LÓPEZ. Os escritores gardaron unha memoria que é de todos. É un tema afectivo tamén á fala dos avós. Eu creo que o tema da historia e da afectividade que uniu as nosas dúas intervencións ten un papel de mobilizar os afectos e hai que facelo valer.

A elección non é informada. É o mesmo que ocorre coa lingua. Eu fixen unha escolla consciente pero foi un cambio informado. Outra cousa é como se pode cambiar iso.

CULTURA E TERRITORIO

1. O único xeito de que mude a xestión futura do territorio é que se eduque ás novas xeracións no coñecemento, na visión crítica e na capacidade propositiva, nas etapas de escolarización obrigatoria.
2. A cualidade do escenario muda as vivencias.
3. Non hai que recurrir a modelos de ordenación territorial alleos ao noso contexto, en Galiza xa existen exemplos que sirven de referencia e que se deben de utilizar como elementos educativos.
4. O imaxinario territorial e paisaxístico que compartimos os galegos poder ter varios usos ideolóxicos a prol da preservación e mellor xestión do territorio, un deles pode ser o uso ecolóxico.
5. A paisaxe non é o mesmo que natureza porque precisa da nosa ollada, é unha construción subxectiva.
6. A literatura do século XIX, destacando *Cantares Gallegos* de Rosalía de Castro, foi decisiva para construír a actual percepción da paisaxe que temos en Galiza, onde por primeira vez apareceu documentada a palabra "paisaxe" en galego.
7. Describir o noso propio territorio é unha necesidade de descolonización.
8. A construción da paisaxe galega como algo positivo foi un proceso cultural e reivindicativo moi intenso, fronte o desprezo que manifestaban por ela algúns literatos de Castela.
9. A realidade territorial actual non coincide co noso imaxinario paisaxístico, moito máis conservador e ligado ás nosas especies autóctonas. Este desfase pódese aproveitar a prol de potenciar a sensibilidade colectiva na defensa do territorio e da paisaxe.
10. Se perdemos o referente físico dos camiños estamos perdendo as implicacións culturais das que deriva. O territorio cualificado como histórico mantén unhas señas de identidade e así o reconece a Lei de Patrimonio Cultural de Galiza.
11. O elemento esencial da determinación legal dos camiños históricos é a historicidade, polo que se debería facer un traballo serio de recuperación documental. A este súmase a autenticidade e a integridade dos elementos.
12. É preciso reclamar a visión laica da nosa cultura camiñeira e da súa trama histórica a favor do seu significado social e cultural.
13. O actual proceso de delimitación oficial do Camiño de Santiago francés abandona o criterio da autenticidade histórica en función de criterios de consolidación ou de custe económico, quedando drasticamente reducido o ámbito de protección do BIC.
14. No proceso de delimitación oficial dos camiños históricos hai que definir claramente o territorio histórico asociado a esas vías e protexelo adecuadamente, cando menos a cunca visual dos camiños.
15. No proceso de delimitación oficial dos camiños históricos hai que ter en conta os referentes literarios que son o noso pouso cultural e fomentar ou recuperar os estudos de historia local, o labor dos cronistas, o traballo de campo.
16. Alén de cronistas e escritores, é necesaria a implicación do ámbito educativo co propio medio no que se está formando o seu alumnado, a miúdo, deslocalizado do seu contexto próximo.

MESA REDONDA: "ARQUITECTURA E TERRITORIO"

- MODERA: Alberte González, presidente do COAG na delegación de Lugo.



Quixera facer unha pequena reflexión sobre a selección proposta por ADEGA para esta mesa porque é interesante ver e confrontar como experiencias vitais tan diferentes neste campo, como poden ser Manuel Gallego e Pascuala Campos con respecto á visión do exercicio da profesión de agora con Patricia e Luciano, que parten dunha realidade social xa distinta e na que o seu papel de dinamizadores do discurso público da arquitectura e do urbanismo acada moita importancia.

Manuel Gallego Jorreto é mestre de todos nós, Medalla de Ouro do Consello Superior, Premio Nacional de Arquitectura; Pascuala Campos, tamén cunha longa traxectoria profesional e académica tanto no seu traballo en Galiza como na Escola de Arquitectura, e como dicía Patricia e Luciano, con menos experiencia, pero cunha intensidade importante como difusores do papel da arquitectura e do urbanismo.

O título da mesa "Arquitectura e Territorio": moitas veces percibimos o territorio a través dun "espello deformante" que chamamos planeamento, da relación entre arquitectura e planeamento de ordenación territorial e do

seu condicionamento. Traslado este debate á mesa.

- MANUEL GALLEGO JORRETO. Arquitecto, Catedrático de proxectos na ETSAC e Premio Nacional de Arquitectura.

Coincido coa idea indicada. O primeiro que quería dicir é que falar de arquitectura non é só construír edificios, construír casas...É entender que o territorio se fixo, se construíu non por gusto, senón por unha necesidade, para vivir. E o home para vivir adaptación ao territorio e se necesita algo faino: utensilios, prados, cultivos, muros, muiños e casas. E cada construción é un resultado dun proceso adaptativo e cada época marca unha cultura e ao final o que constrúe vémolo (a paisaxe) e é a representación dun orde cultural e social que se foi facendo moi lentamente (como se foi facendo a lingua). A paisaxe é unha construción de todos é colectiva.

O home necesita construír desde que comeza a ser home. Faise país facéndoo. Temos unha lingua e unha paisaxe que herdamos de toda a nosa historia que significa que é o noso futuro. Non existe futuro sen presente.

Entón como entendemos o territorio, a referencia histórica que temos? Podemos estudalas a través das pegadas do home ao longo da historia, de como vive, comunica e traballa. Tres piares básicos da existencia. E comunícase a través dos medios de comunicación, do transporte, dos sistemas dos camiños. A historia dos camiños é a historia do home. A través desta historia podemos entender a tecnoloxía, a cultura, o transporte, as necesidade... e estes vense suplantando, modificando continuamente... É unha realidade ata hai pouco que adquiriu un valor patrimonial.

O mesmo pasa coas construcións, nomeadamente do rural. Unha construción

antiga do rural, construíase con material próximo, sen arquitecto, non había norma, había tradición, eran instrumentos agrarios, eran casas moi funcionais. O mesmo podíamos falar dos prados, que queda do policultivo, do minifundio? Nin as casas son as mesmas, nin os medios de comunicación son os mesmos.... O coche variou os camiños radicalmente, o tractor variou a referencia agraria...

Entón, todo cambia, todo se move e non o podemos parar. É inútil e estúpido intentalo. Quero dicir que necesariamente temos que pagar un prezo desa evolución cara a destrución? Non, todo o contrario. O home sempre participou na construción do territorio, de forma colectiva, dentro dunha cultura homoxénea (cultivaba o pan, a herba...), e sempre se movía segundo uns hábitos e unhas relacións sociais e económicas. Era o protagonista da construción do territorio. Hoxe o home non é o protagonista do territorio. É un home que vén de fóra e non ten relación con ese territorio.

Hoxe vemos que a relación entre o territorio é tamén ligada ao home que decide pero é un control superior ao directo local. É un control do mundo planificado, da ordenación, do control... xa non existen espazos salvaxes e incontrolados.

O planeamento, moitas veces, é o peor elemento de degradación que existe. Se non é bo máis vale que non exista. Pode ser un elemento destrutivo. Non basta con telo para estar contento. Un planeamento necesita sensibilidade, participación e racionalidade.

Cando escoitaba a Ricardo Polín, todo planeamento que se prece ten que ter un catálogo, unha análise territorial dos camiños, saber o que hai que protexer e ten que ser escoitado, defendido e estudado entre todos.

Por último, a arquitectura hoxe está chea de normas, de regras, porque a tradición perdeuse. A norma tamén pode

ser negativa. Na arquitectura o único que se pide é racionalidade, liberdade creativa, imaxinación e sensibilidade co espazo, o medio e o territorio. Ás veces, faise un canto á arquitectura rural, algo que xa non existe. Eu son admirador extraordinario dela pero sempre procuro botar o pé á terra e recordar que a arquitectura era fame, fume e frío. A arquitectura era unha carga que, só descontextualizada, podemos dicir que nos gusta. Hai que ter sensibilidade tamén doutro tipo. A arquitectura ten que vir dunha análise fonda e seria da realidade e das necesidades do home, que é o que debe mover para ordenar o territorio e crear a paisaxe. Pero a paisaxe tamén é unha construción cultural. Cada país ten unha forma de ver o espazo, é un diálogo co medio. Senón non se explica toda a Xeración Nós cando fala da "terra" como algo moito máis importante... Cando un fala desde lonxe fala da terra e dá as coordenadas, o lugar, os nomes... Álvaro Cunqueiro dicía: a paisaxe de Galiza é como un rompecabezas e eu son unha das pezas. El pertence á paisaxe. Cando se rompe algo da paisaxe na que vivimos con ela vanse os recordos, a paisaxe somos nós. Por tanto, sen nós tampouco hai paisaxe.

- **PASCUALA CAMPOS. Arquitecta e catedrática de proxectos na ETSAC.**



Eu son andaluza e teño unha visión moi estética da paisaxe galega porque me

gusta. Aquí todo é variable, distintos planos, o vento que pasa, o ceo que se xunta... é un mundo moi complexo no que me custou traballo aceptalo pola chuvia e iso a min poñíame tola. Logo comecei a ver todo iso que antes non vía. Unha vez que xa me adaptei éncheme de indignación as cousas que vou vendo facer na paisaxe, na cidade, nos ríos, no mar, nos montes... Eu propoñía facer un concurso do "peor" para que saquen todo o malo e logo comecen a facer algo en positivo. Onde está o proceso interno que leva a esa destrución de onde se vive? A min o de "territorio" tamén me chirría, porque teño a experiencia dos arquitectos e urbanistas que sempre os vin como xenerais, poucas veces "patean" o sitio, non analizan os matices, nin a paisaxe, nin os camiños, por onde vai á xente de un lugar a outro, etc. É un traballo pouco matizado sobre unha paisaxe moi delicada. Que é o territorio? No dicionario é unha porción extensa de terra, ámbito político,... etc.

Mais que se cola na idea de territorio e terriedade que a pesar das boas intencións condiciona aptitudes e deriva esa "idea" cara a normas de manipulación, posesión e dominio sobre eses territorios e sobre os seres que neles miren? Cara a onde nos leva o fixar límites e fronteiras? É o territorio un lugar de exclusión para os que non pertencen á estirpe de propietarios? Propietarios ideolóxicos, identitarios ou por dereitos burocráticos, legais ou de compra, validados por outros propietarios máis altos no escalafón dos propietarios como son o Estado e seus técnicos? Como se acepta que un río perda o seu caudal por unha concesión, que parte da costa se rechee, se ocupa por piscifactorías, que se agachen montes para rechea costas, que se constrúan autovías e autopistas e AVES dando machados tremendos a unha paisaxe que se erosiona? De onde vén ese impulso de dominio sobre a terra, os ríos,

os mares, as persoas, e todos os seres vivos e mesmo o ceo, incluso o mesmo inferno? A actitude non xorde dunha necesidade de supervivencia, este impulso dominante acatado socialmente como inevitable de onde vén?

Existe algo máis que a avaricia e o maltrato? Que límites ten a manipulación da paisaxe? En que estrutura psíquica se apoian determinacións tan contraria á vida? É un instinto destrutivo irrefreable, unha capacidade do recoñecemento duns valores que xa veñen dados de forma "natural"? Pode ser a consecuencia última dun pensamento abstracto patriarcal que nega toda afiliación coa Grande Nai Terra? Unha posición patriarcal que colocou a Árbore da Vida boca abaixo coas raíces cara ao ceo construindo o relato pai-fillo como principio e fin de todas as cousas? O "ser en si", a "espiritualidade pura" do varón no patriarcado significa desarraigo filial coa orixe matriz materna e unha hipertrofia da conciencia colectiva abstracta que favorece a vontade de poder. (M.Zambrano, E.Neumann). Esta negación do vínculo co feminino transfórmase nunha violencia como única maneira de esquecer a súa derrota xenética. No mundo patriarcal que vivimos existe unha compulsión cara a destrución, podería ser unha consecuencia do matricidio como inicio necesario para autoafirmación do patriarcado? Podería ser a destrución do planeta un produto da negación do feminino como orixe? O Grande Recipiente, a Terra, xera a súa propia semente, pero o patriarcado postulará que só existe a súa semente e que a Terra é un lugar de paso, un lugar útil onde se reafirma como dominador. É casualidade científica que encontráramos os transxénicos, sementes que xa non son nais doutras sementes; a caso non son lugares de paso os ventres de aluguer? O "territorio", ese espazo vital controlado e maltratado, pode ser un tapiz de convivencia sen afondar nas motivacións

inconscientes que nos levan a negar os vínculos con todos os seres que o habitan? De que maneira estamos pagando a culpa da negación da débeda polo primeiro lugar? Como facer o camiño inverso, conectar o espazo interior co exterior e que ambos sexan espello da vida como construción e proceso? Como encontrar outra vez ese Paraíso Perdido?

- **LUCIANO G. ALFAYA.** Arquitecto e coordinador do proxecto "A cidade dos Barrios" en A Coruña, impulsado polo COAG.

Neste proxecto afondamos na forma de intervir na planificación da cidade, aproveitando un momento no que o COAG (Colexio de Arquitectos de Galicia) reflexionaba sobre o significado dos barrios na actualidade e a importancia das pequenas cousas e dos costumes nos espazos públicos como elementos esenciais da configuración da cidade actual. Tamén significaba para nós redefinir o noso papel como arquitectos (xa non era o que podía decidir na planificación da cidade, senón que era un mediador entre os políticos e os cidadáns). Probablemente ten unha actitude de renuncia, pero por outro lado anunciaba un novo papel máis próximo á cidade, de traballar na rúa e coa xente.



Tratábase de visibilizar a cara B da cidade, cousas que non eran obxecto de debate diario, pero que aparecían nas

pequenas conversas. Moitas das dúbidas non aparecían na primeira conversa. Tiña que haber máis proximidade cos cidadáns para atopar as verdadeiras preocupacións. A raíz diso, establecemos todo este esquema de traballo, no que había unha parte de coñecer a cidade, pero tamén de debate e de intervención sobre o urbano.

Púxose en valor a complexidade como un elemento positivo de desenvolvemento dos espazos públicos da cidade e das zonas residenciais. Con ese fin, primeiro comezamos recollendo unha base de datos de información xeral habitual no urbanismo; nunha segunda fase houbo contacto directo cos cidadáns mediante enquisas e reunións con colectivos cidadáns, plantexándonos se eran representacións lexítimas da cidadanía.

Son cousas que un ten dentro, que nos preocuparon a un colectivo ou a unha suma de colectivo que configurando un equipo heteroxéneo de 90 persoas, tamén como un xeito de buscar saídas profesionais para arquitectos nun momento no que ningún de nós estaba facendo un desenvolvemento 'construído' da cidade. Probablemente o único que poidamos facer de cara ao futuro serán pequenas transformacións urbanas máis limitadas ou acoutadas e este foi un laboratorio inicial de ensaio.

En cada un dos barrios foise traballando con metodoloxías diferentes: asociacións, veciños, convocatoria na rúa con usuarios da cidade,... e trasladamos todos eses datos a planos que despois puidesen representar as cousas que crían ou que aparecían.

Activáronse 8 talleres participativos nos que os cidadáns reflexionaban sobre 8 temáticas:

-O borde das cidades (aí onde aparece o contraste rural-urbano). Nesta zona estanse a situar os novos equipamentos da cidade en partes residuais da cidade sen

ter en conta os vencellos, as relacións coa propia cidade.

-Os espazos de relación, sobre 4 barrios concretos na Coruña. Foron construídos en épocas diferentes, pero plantexámonos se segue a ser a nosa relación no espazo público a mesma 31 anos?

-A construción do plural como un análise de se ten un valor positivo para a cidade e non ser excluínte concluíndo que a heteroxeneidade é un valor que debíamos considerar e apoiar.

-A densidade. Neste punto plantexámonos se podíamos falar de densidades óptimas ou había que criticar certas dimensións.

-A visibilización. Como as cidades teñen aspectos máis visibles e outros máis ocultos. No caso da Coruña tiña un claro exemplo na construción do Paseo marítimo. As visitas turística son cada vez menos duradeiras e os elementos a ver teñen que ser menos tamén.

-A sociabilización. Que representa hoxe a cultura e como se representan as relacións veciñais. Nun barrio da zona de Monte alto, con ampla tradición participativa e con moito asociacionismo é onde a propia Administración non ten a capacidade ou interese de coordinar e onde os movementos autoxestionados teñen máis importancia na xeración de coñecemento e difusión cultural.

-O significado actual da centralidade. Que significa hoxe ser central na cidade, cal é o valor de colocar elementos representativos no centro e a percepción dos residentes nesa parte da cidade que sentían que se lles estaban usurpando parte da súa actividade no espazo urbano en prol de crear escenarios para eses visitantes, escenarios estéticos, máis limitacións dentro do planeamento que impedisese a visualización do barrio e de espazos nos que sentirse a gusto.

-As posibilidades da paisaxe, entendida como unha distribución dos vínculos da

Coruña co mar e cunha especial atención polo que significan os portos dentro da cidade. Houbo un especial debate sobre o significado do porto, xa que segue a ser lamentable que cidades costeiras teñan esas barreiras de contacto co mar e esas dificultades nos territorios de excepción nos que é posible crear novos recheos. Ferrol, Vigo ou A Coruña poderían cambiar por completo se utilizásen estas zonas dun xeito diferente.

Este conxunto de accións, opinións e reflexións serviron para facer pequenas intervencións na cidade que permitisen as melloras de espazos públicos sen grandes transformacións, investimentos, non como unha opción finalista, senón como un punto de partida. Os resultados que nos puidemos acadar con pequenas intervencións tiveron unha repercusión semellante a outras intervencións que tiveron máis orzamento, dedicación e interese da administración, o cal reconfortaba a unha parte do colectivo de arquitectos. Eran novos escenarios de traballo para nós, facendo unha arquitectura máis próxima á xente e probablemente o noso rol nun futuro debería ir nesa liña: máis próximos ao territorio, á xente, aos costumes, aos materiais locais, ao que temos. O que se podería chamar "arquitectura de proximidade".

INTERVENCIÓN PÚBLICO

LUCIANO ALFAYA. Como incidiu a Cidade dos Barrios na percepción dos cidadáns dos espazos públicos? Nunha cidade de 250.000 habitantes é imposible falar de resultados xerais. Probablemente, os mellores resultados tivémolos cando traballamos con colectivos máis pequenos. Traballar no Agra de Orzán, un barrio con 40.000 habitantes tivo unha transcendencia limitada, aínda que probablemente chegou a moita máis xente que noutras zonas. Sen embargo, a actuación no Barrio do Portiño, por parte do colectivo Describir, deu pé a intervencións por parte da Administración máis prolongadas, fixo visible unha situación agochada nun lugar apenas visitado...

Tamén ser canalizaron relacións que antes non existían: percorridos pola ría, a confraría de pescadores tamén se involucrou, e o que reclamaban era que actuásemos con eles argumentando cales eran as consecuencias dos vertidos que había na Ría do Burgo. Tratábase de realmente ser capaces de resolverlle un problema aos cidadáns e propor solucións imaxinativas ou alternativas, ser útiles.

Centros comerciais. No caso da Coruña é escandaloso. Non sei cal é a viabilidade dos dous novos centros comerciais (máis de 300.000 m² de Superficie Bruta alugable). A pesar de sobredimensionamento na Coruña neste primeiros meses hai atascos de xente que quere visítalos. Realmente o problema destes últimos anos é que antes o espazo público era soporte das relacións das actividades. Agora ten que crear as actividades, ten que ser xerador. No centro das cidades atopamos moitísimos espazos baleiros ou con usos infrutilizados. As políticas de intervención teñen que ir a políticas máis radicais e activas que o que é o cambio estético dun espazo público. Eses cambios estéticos non funcionaron.

MANUEL GALLEGO. A arquitectura espectáculo. É un problema de orde global. Moitas veces fai efectos positivos na cidades (Bilbao). As cidades demandan unha marca. Non estou en contra de que unha arquitectura chegue a ser un símbolo ou icono dunha cidade. O que estou en contra é fomentar esa

actitude no arquitecto na que o máximo é o espectáculo. Non mellora a vida da xente. Pero non me gusta o espectáculo da arquitectura. A crise, o que pon un pouco en ridículo é a arquitectura do exceso, do despilfarro. É tan irracional que quedou descolgada. Esta arquitectura pertence a ese mundo do consumo cultural que xa lle está dando a volta e está incorporando a arquitectura da crise: racional, cos medios que temos,... Existe unha conciencia crítica, pero tamén hai un intento de especular sobre outro tema cultural. O tema é que a cidade mesma é un espectáculo. O individuo está moi aceptado como consumidor pero non como cidadán con liberdade, que precisa vivir ben, que necesita ser persoa.

O territorio é o local, no que se vive, o que fai que ligue a vida ao espazo físico. Cando un recorda o da nenez. Non é unha abstracción.

PACUALA CAMPOS. As grandes áreas comerciais destrúen a comunidade, é unha demencia, destrúe vínculos e son esperpentos.



ARQUITECTURA E TERRITORIO

1. Tradicionalmente o territorio construíuse polas necesidades do home para poder vivir.
2. Cada construción é un resultado dun proceso adaptativo e cada época marca unha cultura. O territorio é a representación dunha orde cultural e social que se foi facendo moi lentamente.
3. A paisaxe é unha construción colectiva.
4. Ata hai pouco o home era protagonista da construción do seu territorio; hoxe o protagonista constrúe o home que vén de fóra e non ten relación con ese territorio.
5. O planeamento pode ser o peor elemento de degradación territorial se non contén sensibilidade, participación e racionalidade.
6. As normas que substitúen á tradición tamén poden ser negativas.
7. A arquitectura ten que xurdir dunha análise fonda e seria da realidade e das necesidades do home, para ordenar o territorio e crear a paisaxe.
8. A arquitectura é un traballo de matices, sobre todo nunha paisaxe tan delicada como a galega.
9. No mundo patriarcal que vivimos existe unha conclusión cara a destrución do territorio, que algúns explican como a consecuencia do matricidio como inicio necesario para autoafirmación do patriarcado.
10. A introdución da complexidade como un valor interesante no desenvolvemento dos espazos públicos das cidades e zonas residencias abre un novo abano de posibilidades para a arquitectura.
11. Con pequenas intervencións arquitectónicas nas cidades pódense acadar resultados semellantes a grandes proxectos apoiados pola Administración.
12. O arquitecto actual e, probablemente o do futuro, debe ser "de proximidade", é dicir, que fai unha arquitectura máis próxima á xente, aos costumes, aos materiais locais, ao territorio propio. Deixou de ser o protagonista na construción do territorio para adquirir un papel máis social e de relación coa xente.
13. O traballo arquitectónico adoita ser máis efectivo e con mellores resultados se os grupos de traballo son pequenos.
14. As políticas de intervención teñen que ser máis radicais e activas fronte o simple cambio estético dun espazo público.
15. A crise pon en ridículo a arquitectura do exceso e do despilfarro.
16. As grandes áreas comerciais destrúen a comunidade social.
17. O arquitecto non está obrigado a ser compracente, pode deixar o traballo.

XORNADAS CULTURA E TERRITORIO

1. A Tradición oral é unha fonte documental valiosísima sobre o territorio e recurso de autodefensa do pobo e a reafirmación da identidade propia, polo que en calquera intervención do territorio debería contemplarse por parte das administracións a protección da cultura inmaterial, hoxe fóra dos estudos de impacto.
2. Na protección dos valores inmateriais e da tradición oral, a sociedade civil galega debe ir por diante das administracións, a través da investigación, da denuncia e da posta en valor destes bens. Nesta tarefa teñen un papel fundamental as comunidades de montes, como xestoras de grande parte do territorio, e os docentes como sector máis próximo ás novas xeracións.
3. O desfase existente entre a realidade territorial actual e o noso imaxinario paisaxístico débese aproveitar a prol de potenciar a sensibilidade colectiva na defensa do territorio e da paisaxe, é dicir, para potenciar a sentimento ecolóxico.
4. Describir o noso territorio é unha necesidade, un proceso de descolonización. Por iso, cronistas e escritores, así como educadores, débense implicar necesariamente co medio porque eles serán os que deixen o pouso cultural nas vindeiras xeracións, amosando exemplos xa existentes no noso contorno que sirvan de referencia.
5. No proceso de delimitación dos camiños históricos débense definir claramente cal é o territorio histórico asociado e as vías para protexelo adecuadamente; débense conservar o referente físico e ter en conta os referentes literarios e os criterios da historicidade, autenticidade e a integridade dos elementos. Así mesmo, é preciso reclamar a visión laica da nosa cultura camiñeira, a súa vertente social e cultural.
6. A arquitectura ten que xurdir dunha análise fonda da realidade e das necesidades do cidadán. O planeamento urbanístico e as normas que substitúen á tradición poden ser elementos de degradación territorial se non conteñen sensibilidade, participación e racionalidade, ou non van máis alá do simple cambio estético.
7. Ata hai pouco o protagonista na construción do territorio era o cidadán, agora o protagonista nesta tarefa é alleo ao territorio que constrúe.
8. O arquitecto actual debe facer unha "arquitectura de proximidade", achegada á xente, aos costumes, con materiais locais e introducindo a complexidade (os matices) como un valor interesante no desenvolvemento dos espazos públicos das cidades e nas zonas residenciais.